

SALDOIRA Nº3

EN GALLEGO

IES MARTAGUISELA

Equipo de Normalización lingüística

Curso 2003 - 2004

PARTICIPARON:

Equipo de redacción:

Noa Feás Rodríguez
Ariadna Fernández Estévez
Llara Ferreira
Borja Álvarez Campos
David Prada Delgado
Álvaro Estévez Delgado
Manuel Agra Villar
Mariví Sánchez Regueiro

Colaboradores:

Mónica Oulego Gómez
Concepción Iglesias Gutiérrez
Mercedes Arias Fernández
Rosario Álvarez Álvarez
Gonzalo J. Carracedo Carballal
Xosé Luís Arias
Vanesa Bruña Fernández
Ana Raquel Revuelta Parra
Lúa Álvarez Cao
Eva Rodríguez Mate
Tarcisio Ávila Núñez
María López Álvarez
Silvia Rodríguez López
Noelia Fernández Paradelo
Sandra Carracedo Cortiñas
Plácido Pablo Blanco Pérez
Ángela Feijoo González
Roberto Macías García
Alicia Ramos Álvarez
María Garrido de Vega
Rocío García Domínguez
María Jesús Losada González
Noelia Rocha
Paulino Prado Carrascal
Áurea González Alonso
Marta Cortés Fernández
Luísa Rigueira Rodríguez
Rosalía Roel Rivera


Ola alumnos/as, mestres/as e toda a xente que lea esta revista: Benvidos outro ano máis a Saldoira. Ó igual que anos anteriores, un grupo de alumnos/as do centro coa axuda e colaboración dalgúns mestres/as creamos esta revista co fin de achegarvos tanto noticias sobre o centro, como entrevistas moi interesantes e artigos sobre temas de actualidade.

Por suposto tamén queremos divertirvos e facer que pasedes un bo intre lendo os nosos “intentos” de artigos periodísticos. Digo “intentos” porque os que facemos esta revista non somos profesionais pero procuramos facelo o mellor que podemos. De todas formas o resultado final non é nada malo.

Antes de rematar con este saúdo quería agradecer a todos os colaboradores a súa participación na revista, xa que sen eles esta non sería posible, e agradecer tamén a fidelidade dos moitos lectores de Saldoira.

Esperamos que vos guste.

Mónica Oulego Gómez



Equipo de redacción de Saldoira. (Curso 2003-2004)

S

U

M

A

R

I

O

Verbas de despedida á profesora Marisa	4
Verbas de despedida á profesora Concha	6
Vodas moi reais	8
Internet	9
A conxura dos necios	10
Xaquín Lorenzo Fernández: Xocas	12
Os experimentos científicos con animais	13
Concerto da Filharmonía Galega	14
Excursión a Londres	15
Excursión a Gandarío	16
Excursión a Burgos	17
Igualdade	18
Abusos sexuais a menores	19
Quero se gay	20
Salvemos Galicia	21
Naciches por casualidade	21
A auga que nos alimenta	21
O Imperio contrataca	22
Entrevista a Xosé Rodríguez Ferrer	23
Entrevista a Anxo Rei	25
O Gaiteiro da Portela	27
Os nosos actores	28
Os nosos deportistas	29
Tradicións	31
Creación literaria	32
Pasatempos e humor	40
Gañadores dos concursos "Entre nós, en galego"	50

María Concepción Iglesias Gutiérrez

VERBAS DE DESPEDIDA Á PROFESORA MARISA RODRÍGUEZ ÁLVAREZ CON MOTIVO DA SÚA XUBILACIÓN



É un costume académico longo e acreditado, cargado de tradición e baseado na máis estricta xustiza, que cando un profesor, que destaca polo desempeño brillante da profesión docente e de servicio

continuo e xeneroso na realización das súas actividades, se xubila, os membros do seu colectivo de ensinantes decidan vestirse de festa e honralo cunha xusta e merecida homenaxe. Ó mesmo tempo, esténdese unha invitación a outros moitos que tamén o admiren e aprecien, para unirse a

eles e festexar gozosamente á mestra, colega e amiga.

Nesta ocasión compañeiros, antigos alumnos e pais de alumnos, amigos e familiares queremos ofrecerlle unha sentida homenaxe á mestra Marisa Rodríguez Álvarez.

Reseña-la traxectoria académica de Marisa é unha tarefa grata para mín, que tiven a inmensa sorte e honra de traballar moitos anos ó seu lado, de aprender do seu exemplo, das súas actitudes ante a vida, dos seus sacrificios e do seu labor silencioso.

Nacida en Liñarán, abandonará a provincia de Lugo onde traballou como mestra de ensinanza primaria para realizar os seus estudos de Filosofía e Letras en Santiago de Compostela. Máis tarde trasládase a Cataluña e alí imparte docencia varios anos ata que en 1982 regresa á súa terra natal, Galicia, ó instituto da Rúa e posteriormente, ó instituto Martaguisela do Barco, centro no que desempeñou as funcións de Directora e de Vicedirectora sempre cun talante aberto e dialogante cos seus compañeiros; como profesora sempre mostrou

unha actitude de respecto e cercanía ós alumnos, ós que quere de verdade e cos que se volca en corpo e alma, máis alá do estricto deber, unha e outra vez, día tras día, ano tras ano. No seu afán por acercar a materia de Arte ó alumno e o alumno á materia, son famosas as súas excursións a Madrid, sen as cales non tería sido completo o curso académico.


Pero, ademais da súa actividade estritamente docente, tamén estivo vinculada a actividades culturais da comarca de Valdeorras; as xornadas de Xagoaza, nas que participou activamente dende a primeira edición en 1996, e a súa colaboración co IEV, son un exemplo.

Agardamos a que, de agora en diante, inda gozando do merecido descanso, siga impartindo sabedoría e coñecemento por medio de múltiples actividades xeneradas por unha persoa que leva, sen poder remediar, a ensinanza no sangue.

PARABÉNS

María de la Merced Arias Fernández

VERBAS DE DESPEDIDA Á PROFESORA M^a CONCEPCIÓN IGLESIAS GUTIÉRREZ CON MOTIVO DO SEU TRASLADO



Definitivamente este
converteuse nun ano de despedidas,
afortunadamente son despedidas
alegres, porque cremos que todos os
que se van fano para mellorar no
persoal ou no profesional.

Non creo equivocarme se digo
que en nome do claustro alegrámonos
por eles, inda que nos quede a cada un

a tristeza de saber que non imos
compartir o seu día a día.

Queremos despedir a Marisa,
Conchi, Félix, Ana, Pepe, Xavier e
Carlos que se van. Ós que inda non o
saben con seguridade Áurea, Chema,
Isabel, Marta, Yolanda e Paula
dicímoslles ata setembro.

Aproveitamos esta ocasión para homenaxear modestamente deste IES Martaguisela a Marisa e Conchi que coa complicidade e o permiso dos outros cinco mencionados anteriormente van recibir un sinxelo recordo.

A Marisa polos seus anos de servicio e constancia, exemplo de traballo para todos nós, ¡espero que goces do teu tempo libre!

A Concha por doce anos de compañeira nas aulas do noso centro, con dedicación ó seu traballo e volcada nas ingratas tarefas da dirección.

Por todo o dito e o que irremediabilmente se queda no tinteiro GRACIAS.

Dicimos ata sempre a todos os que hoxe vos ides, e non dubidedes que se vos botará de menos.

“Esto no es una elegía, ni es un romance, ni un verso,
más bien una acción de gracias,
por darle a mis ansias razón
para un beso:
Una modesta corona
encontrada en la aurora”. (*Silvio Rodríguez*)

Unha coroa de margaridas
É violetas, humildes, coma ti,
Querida compañeira.
Unha coroa de lavanda,
que simboliza a cor das
mulleres loitadoras.
Unha coroa de romeu, tomentelo,
menta e ourego.
Traballadora formiguiña do
noso eido.
Deixaches parte de ti para
que as cousas estivesen onde
deberan estar.
Vaste e permaneces, por que
un recendo a ti, permite
terte presente.

Charo.

Noa Feás Rodríguez

VODAS MOI REAIS

O próximo día 22 de maio ás doce do mediodía terá lugar o enlace entre dona Letizia e o príncipe Felipe e case toda España está impaciente por que chegue o día, por saber cómo é o traxe da noiva, por ver á feliz parella... a verdade é que se trata dun acontecemento histórico que esperta toda a nosa curiosidade.

O anuncio do compromiso espertou polémica, xa que, Letizia Ortiz non ten "sangue azul" e xa estivo casada polo civil, pero por fin as críticas cesaron e o noso príncipe pode casar coa muller que el escolleu (que caro lle custou dar coa máis axeitada para esposa e raíña).

Como a calquera parella de namorados deséxolles moita felicidade e penso que se necesitamos a alguén que nos represente internacionalmente quen mellor ca eles que son novos e poden aportar melloras á monarquía.



Xa que estamos a falar de vodas aquí van algunhas ben estrañas e extravagantes:

- **Esquimós:** tradicionalmente, canto máis destro sexa o noivo para a caza máis esposas poderá posuír, aínda que estas tamén poderán ter amantes. Se o marido marcha de caza os seus irmáns viven coa esposa e deben cumprir cos dereitos sexuais da muller. Ademais entre amigos

é habitual o intercambio de mulleres sen que haxa ciúmes.

- **Africanas:** cada tribo "casa" segundo os seus costumes. En moitas a muller ten un prezo. Na tribo dos "luba" cando os noivos deciden casar xa se lles permite pasar as noites xuntos. Na dos "nandi" se os pais da noiva non acertan na elección do marido ela pode escapar con quen máis lle guste, no caso de que o mozo non case con ela a rapaza rapará o pelo e será sexualmente libre. Na tribo dos "kundo", tradicionalmente, a primeira esposa era dona do fogar, a segunda a que se encargaba dos mesteres sexuais e logo seguían as esposas de rango inferior, as mulleres compartían ó marido de forma rotatoria e cando non lles tocaba podían ter amantes.
- **Chinesas:** a celebración do matrimonio iníciase cando o noivo lle envía regalos ao pai da noiva. Trátase dun proceso bastante longo e formal. Fronte os coidadosos preparativos, a cerimonia en si é bastante sinxela. Réndese homenaxe aos antepasados, o ceo e a terra e sèrvese té. Trala celebración, os recién casados retíranse a descansar. Tradicionalmente, nas familias nobres o matrimonio non se consumaba ata o terceiro mes.
- **Balinesas:** famosos coma Alejandro Sanz puxeron de moda as vodas de Bali e agora centos de parellas viaxan cada ano alí para casar. O único requisito para a celebración é que os contraentes profesen as mesmas crenzas. Os nativos de Bali tamén teñen curiosos ritos a hora de casar. Nos pobos asentados sobre arceiras, a noiva é secuestrada polo seu pretendente mentres traballa. Xuntos realizan unha ofrenda aos deuses mentres o pai busca á súa filla. Logo os noivos teñen 42 días para formalizar o enlace e realizan unha bonita cerimonia á que asiste todo o pobo.

Gonzalo José Carracedo Carballal

INTERNET

Internet naceu hai máis de trinta anos coma unha rede de investigación universitaria, baseada no protocolo TCP/IP, hoxe estándar, pois sen el a maioría dos servicios de Internet non serían posibles. Pero agora dista moito do que era por aquel entón. Existen multitudes de protocolos (HTTP, FTP, TELNET...) que se enumeran en portos de 1 ó 65535. Hoxe en día, o protocolo máis usado é o HTTP. Gracias a el podemos ve-las páxinas web. Pero isto trae inconvenientes. O uso deste protocolo é o ideal para os publicistas, xa que está continuamente en uso. Esta publicidade, ás veces vémosla como molestos "banners" por riba, por abaixo, a dereita ou a esquerda da páxina. Parecen molestos, pero hai máis. Existen outros métodos publicitarios coma os coñecidos "pop-up's", que tes que ir pechando as ventáñas que che van saíndo ata conseguir ve-la páxina.

Outro fenómeno, por así chamalo, é o dos "pop-under's". Estás un pouco navegando, cánsaste, cerras o navegador e... ¡Oh! ¡Sorpresa! Sete ou oito ventáñas que tes que cerrar.

Isto é como cando entras nunha tenda e varios dependentes doutras

tendas empézanche a poñer carteis publicitarios na túa cara.

"Xa" – dirás – "pero deixo de visitar esas páxinas e acabouse". Pero a publicidade é un inimigo moi difícil de vencer. Se coñecen o teu e-mail, fixéchela boa, pois comezarán a chegar multitude de correos á túa conta cada día. Isto é coñecido como "SPAM". O SPAM non só chega ata o correo electrónico. Abarca, por exemplo, ata Usehet. Un dos grupos de novas, moi coñecido, era alt.sex, no que a xente podía falar libremente de temas de sexo. Iso hai 7 anos. Agora só podemos atopar anuncios a páxinas pornográficas. Ou sexa, no ano 1995, por exemplo, o nivel de diversión era 90%, 560 usuarios, dous robots (programas xeradores de publicidade), 558 humanos. Hoxe; 1123 usuarios, 1123 robots, 0 humanos, 0% diversión. É visto que a xente tende a fuxir da publicidade, pero certas autoridades din que isto rematará. Todos sabemos que é imposible, pero algún día diminuirá considerablemente, cando cheguen a darse conta de que ninguén le esta publicidade. Si, algún día; un día dun afastado futuro, cando os administradores destas páxinas se dean conta da realidade.

Xosé Luís Arias

A CONXURA DOS NECIOS

Ó alumno... “Na medida en que sexades capaces de responde-la pregunta para que? Na medida en que non saibades para que serve algo do que estades a facer, canto menos o saibades, máis aumentan as posibilidades de que non estea previamente condenado ó servizo, ós anos. Ó mellor non se sabe moi ben para que se aprende a escribir estamos nunha situación na que tal vez iso poida servir para descubrimento e para que suceda algo en vez do contrario.

Outro tanto podería dicirse de ler, bailar ou o que sexa.”

Agustín García Calvo

Unha sociedade competitiva e gobernada polos medios audiovisuais como manifestación máis inmediata do forte desenvolvemento tecnolóxico, traslada ó sistema educativo unha función comparativa que ten por referencia unha puntuación gradual (5-10), que lonxe de ser meramente instrumental; xerarquiza –a ver quen vale máis- e actúa en detrimento do que debería ser prioritario; os contidos mesmos das materias. Haberá que adaptar estes contidos á oferta/demanda do mercado laboral.

Esta situación leva aparelhada como música de fondo o forte deterioro que paulatinamente foron padecendo as mal chamadas materias da rama de “Humanidades” (Latín, Historia, Filosofía, Literatura, etc.)

1. UN POUCO DE HISTORIA

Caeron xa moitas follas dende aquel renacemento cultural do século XII onde Pedro Abelardo puña en entredito a tradicional organización dos estudos no **trivium** (artes liberais relativas á elocuencia: gramática, retórica, dialéctica) e o **quadrivium** (aritmética, música, xeometría e astronomía ou astroloxía), eran a Lóxica e a Filosofía as que deberían converterse na columna vertebral do ensino. O primeiro era aprender a razoar, a domina-lo uso da linguaxe e argumentación para logo pasar a outras ramas do saber.

P. Abelardo estableceu o método pedagóxico en todo o período da escolástica, o uso da **lectio** (comentario de texto) e da **quaestio** (disentir argumentando a favor e en contra dunha tese).

No Renacemento os Humanistas (M. Ficino, Pico de la Mirandola) propuxeron un novo plano de estudos fundamentado nos **Studia Humanitatis** onde o importante era o estudo da literatura, (poesía, historia, retórica), co firme propósito de acadar unha mellor aproximación e coñecemento da realidade e para iso tómanse como referencia os clásicos: **Corpus hermeticum**, **Himnos Órficos**, **Enneadas de Plotino**, etc.

Mediante a recuperación da tradición pitagórica dos **Elementos** de Euclides, a **Estática** de Arquímedes, xurdirá a outra gran vertente renacentista que terá como ocupación principal a investigación empírica (Bacon), a natureza está escrita en clave matemática, (Copérnico) todo o que debe facerse é descifrala. O menosprezo que algúns humanistas adoptaron cara a investigación científica pode considerarse como un dos aspectos que puidera ter influído na separación entre Humanidades por unha banda e Ciencias por outra, ou entre ciencias e letras e que se prolonga ate hoxe en día.

Esta situación na Grecia clásica sería impensable, basta revisar a inxente obra de Aristóteles para comprobar a presenza da Física, ou da Bioloxía na súa concepción ontolóxica da realidade. Na Academia de Platón podía lerse a inscrición “Non entre aquí ninguén que non saiba xeometría”.

É unha obviedade recordar unha vez máis que tódalas ciencias son creación do home, tanto a Química coma a Psicoloxía, o que as diferencia polo tanto non é que unha sexa máis humana ca outra, senón que teñen campos gnoseolóxicos e cerres operatorios diferentes.

É preciso desterrar o nefasto prexuízo que establece que os alumnos que estudian Latín non teñen por que saber Física e viceversa. Ou que o profesor de Lingua non ten por que saber en que consiste a mecánica cuántica.

2. E ISTO PARA QUE SERVE?

Repítese a miúdo por parte dos alumnos, pais e algún profesor, para que serven o Latín, Filosofía, Literatura, etc establecendo un criterio de utilidade marcado case exclusivamente polo beneficio económico, relegando o demais a un segundo plano. Non é difícil escoitar a un pai dicir: para que quere o meu neno saber facer un comentario de texto se vai estudar Enxeñería e ademais o mercado laboral precisa de especialistas.

Unha sociedade democrática que queira saír do infantilismo, non pode ter como referente a Coto Matamoros ou a Ronaldo. Para iso necesítase ter unha capacidade analítica que require un certo nivel de abstracción.

Así como hai materias que resultan interesantes polos seus contidos, hainas tamén que o son porque educan a nosa capacidade abstractiva e proporcionan un certo rigor intelectual (Latín, Literatura, Filosofía, etc).

Non hai ningún criterio epistemolóxico e moito menos moral, que nos permita establecer que a Física é máis importante cá Música.

A primeira vista puidera parecer que a Filosofía e as Matemáticas non teñen nada que ver, pero o certo é que están estreitamente vencelladas, (problemática da infinita divisibilidade do continuo, relación un/múltiple. Leibniz foi xunto con Newton o creador do cálculo infinitesimal). A Filosofía en tanto que saber de segundo grao presupón outros saberes previos que son precisamente as ciencias; (non se poden explicar os paradoxos de Zenón se non se sabe que é unha integral).

Os límites de calquera especialidade só poden establecerse en relación coas outras, o cal supón admitir un proceso circular e dialéctico que obriga a ter unha **formación** canto máis ampla mellor. **Amobla-la cabeza** como vulgarmente se di, consiste en ter hábito de estudo, capacidade de razoar e un correcto uso da linguaxe.

3. COA LOCE PROFESORES OU ANIMADORES PEDAGÓXICOS?

Entre tanta Reforma e Contrarreforma de plano de estudos o profesorado foi modificando as súas funcións tradicionais. Pasamos dunha posición exemplar no sentido de modelo a imitar, transmitindo unha actitude ante a vida directamente orientada ó contacto coa lectura, a converterse en animadores pedagóxicos en contacto permanente coas familias.

Queda por aí aínda algún despistado que segue crendo que a súa tarefa no ensino é transmitir coñecementos que saen do seu cerebro e se instalan no do alumno.

Hai coñecemento, cando se dispón de información obxectiva e universal que queda establecida nun **sistema de relacións** que posibilitan a súa reconstrución. Exemplo: De nada serve aprender de memoria tódolos ríos de España cos seus afluentes, se non se sabe que é o río en canto **universal** (como se orixina, como se constrúe, por onde discorre, modificacións

climáticas que inflúen no seu discorrer, etc). A medida que as relacións se van integrando en sistemas máis complexos vai aumentando tamén o nivel de comprensión.

Pero este proceso de aprendizaxe non ten nada que ver con implicacións paterno familiares, ou adaptacións psicopedagóxicas en función da personalidade dos alumnos, -especialistas en ti-, senón co esforzo e estudio continuado.

O elevado índice de fracaso escolar, raras veces está vencellado á capacidade intelectual dos alumnos, senón máis ben á falta de interese e motivación que se orixina no eido familiar e se continúa na escola (é difícil substituír a pantalla polo libro).

Calquera plano de estudos que en lugar de formar cidadáns xenera analfabetos funcionais, (a moitos alumnos cústalles traballo ler, incluso lles parece aburrido) está viciado de raíz. Non se pode centrar o interese dos contidos nunha cualificación que serve case exclusivamente para engordar a vaidade non só dos rapaces senón sobre todo dos pais.

O peche obrigatorio dende os tres anos ata ós dezaseis se realmente é necesario non é precisamente porque se aprenda a facer multiplicacións ou se descubra quen foi o inventor do pararraios, senón como **proceso socializador** onde o alumno aprende a relacionarse cos demais, imita comportamentos, aprende a respectar normas e vai adquirindo **autonomía** lonxe da familia.

Cando se elixe unha carreira, o que se fai é imitar unha determinada forma de vida, (Médico, Biólogo, etc), poñerse no seu lugar e tratar de desenvolver esa actividade, isto non se corresponde con ese invento eclesiástico chamado vocación.

Ó profesor: "Era Mairena emporiso a súa experiencia seráfica, home no fondo, de malísimas pulgas. Ás veces recibiu a visita airada dalgún pai de familia que se queixaba, non do suspenso adxudicado ó seu fillo, senón da pouca seriedade do exame.

A escena violenta, aínda que tamén rápida, era inevitable:

- ¿Bástalle a vostede ver ó meu neno para suspendelo? Decía o visitante, abrindo os brazos con acento irónico de abraio admirativo.

- Mairena contestaba vermello de cólera e batendo o chan co bastón: ¡Bástame ve-lo seu pai!".

XAQUÍN LORENZO FERNANDEZ: "XOCAS"

Estes son o nome e o respectivo alcume do autor ó que neste ano 2004 se lle adica o Día das Letras Galegas.

A súa vida pódese resumir de maneira que lle segue:

Naceu en Ourense o 23 de Xuño de 1907, sendo fillo do escritor e caricaturista José Lorenzo Álvarez. Na súa localidade natal estudou Educación Primaria e Bacharelato, tendo como mestre a Ramón Otero Pedrayo. Trasládouse a Santiago, e na universidade desta cidade cursou estudos superiores de Filosofía e Letras, os cales continuou posteriormente en Zaragoza. Finalmente volveu a Ourense a exercer-la docencia, falecendo neste mesmo lugar en 1989, con 82 anos.



Sempre tivo preocupación e devoción cara a Lingua Galega, como mostran as seguintes actividades:

- ❖ Incorporación ó Grupo Nós con Risco, Cuevillas e Otero Pedrayo.
- ❖ Colaboración na revista Nós, dirixida por Vicente Risco.
- ❖ Colaboración na montaxe do Museo Etnográfico, que desapareceu coa dictadura de Franco.

- ❖ Acceso ó Seminario de Estudos Galegos mediante un estudio que realiza sobre o carro.
- ❖ Participación na Real Academia Galega.
- ❖ Presidencia do Padroado do Museo do Pobo Galego.
- ❖ Pertenza á vella escola do galeguismo culturalista.
- ❖ Mostra dun especial interese pola

arqueoloxía e polos clásicos galegos e portugueses, esto último gracias á influencia paterna e á obriga de permanecer durante unha tempada na cama por mor dunha ferida na Guerra Civil española.

Dentro da súa obra destaca o libro Etnografía; un volume (o 11 concretamente) da Historia de Galicia dirixida por Otero Pedrayo; os libros Vila

de Calvos de Rondín (publicado xunto con Cuevillas); Cerámicas castrexas pintadas; Nosa Señora do Viso; O pastoreo na serra do Leboreiro; Vellas artes de pesca no río Miño; A casa; Distribucións dos xugos na Galiza; Cantigueiro popular da Limia Baixa; e en castelán Lápidas sepulcrales gallegas de arte popular; La Capilla y el santuario del Santísimo Cristo de la Catedral de Ourense; La casa gallega; Las habitaciones de los castros; La capilla visigótica de Amiado; Deidades marianas en el Ourense romano; La iglesia prerrománica de Santa María de Mixós; Sobre algunos saludos en gallego...

Ariadna Fernández Estévez

OS EXPERIMENTOS CIENTÍFICOS CON ANIMAIS

En tódalas épocas, os seres humanos trataron de curar as enfermidades ou feridas e aínda vencer á morte. Os coñecementos esenciais dos médicos viñan da observación dos humanos e os animais enfermos e sans.

Neste artigo falaremos da grande crueldade coa que son realizados certos experimentos científicos.



A mediados do século XIX, Claude Bernard converteu os experimentos en animais nun fito para os coñecementos médicos coa publicación do seu libro Introducción al Estudio de la Medicina Experimental. Baixo terribles condicións e sen anestesia, empezou a operar cans e gatos e fixolles experimentos fisiolóxicos, a crueldade dos seus métodos horrorizou á maior parte da comunidade médica.

Vivisección é o termo utilizado neste ámbito, que significa literalmente 'cortar en pedazos' animais vivos, pero actualmente xeralizouse o uso desta palabra para calquera tipo de experimentos con animais.

Respecto ós animais utilizados nestes experimentos predominan: as ratas e os ratos, que son utilizados en gran proporción para experimentos de laboratorio porque son fáciles de manexar; os coellos son utilizados frecuentemente en probas de ollos e pel e os cans e os primates utilízanse en probas de toxicidade, investigación de cerebros, experimentos cirúrxicos, etc.

Os experimentos son realizados con grande crueldade; os animais involucrados nestes experimentos ou morrerán como resultado do experimento ou serán sacrificados deliberadamente para un exame *post mortem*. No laboratorio os animais poden ser envelenados, privados de comida, queimados, expresamente infectados con enfermidades, danados os seus cerebros, paralizados, mutilados e a lista non acaba aquí, moitos experimentos máis son realizados nestas pobres criaturas.

Os investigadores de todo o mundo utilizan animais para probar ou desenvolver calquera cousa: desde produtos de limpeza, cosméticos, aditivos alimentarios, aparatos médicos, produtos de alcohol e tabaco, etc.

Como detalle, débese comentar que nos experimentos militares someten ós animais ós efectos de gases venenosos, feridas de explosións, queimaduras e radiacións para avaliar armas novas e xa existentes.

Tamén se utilizan animais ata en investigacións "por curiosidade"; de feito, case tódolos produtos que nós consumimos foron experimentados en animais nalgún momento.

Pero estes experimentos fálannos das reaccións de certas substancias en animais, non en persoas; xa que cada especie pode ter respostas completamente diferentes a una substancia. Por exemplo: a aspirina, que é beneficiosa para nós pode ser mortal para os gatos; a penicilina pode matar ós coellos; o arsénico, que é moi perigoso para os humanos non ten o mesmo perigo en ratas ou ovellas; a insulina pode producir deformidades terribles nos coellos e nas galiñas.

Hoxe en día, máis de 100 millóns de animais sofren cada ano en experimentos de laboratorio por todo o mundo; de todas formas, xa que a maioría dos países ofrecen estatísticas incompletas, é imposible coñecer a cifra exacta.

Noa Feás Rodríguez

CONCERTO DA FILHARMÓNÍA GALEGA

O mércores 12 de novembro os alumnos de música de 4º de ESO e de 1º e 2º de Bacharelato tivemos a oportunidade de viaxar a Santiago para presenciar un concerto da Real Filharmónía de Galicia.

Sáímos ás 8:00 do instituto e para facer a viaxe en autobús máis levadeira todos opinamos que poderíamos escoitar música, pero esta idea non foi tan doada de levar á práctica, xa que, cada persoa ten gustos musicais moi diferentes e foi imposible porse dacordo.

Cando chegamos a Santiago fomos directamente ó Auditorio de Galicia e tivemos o privilexio de entrar os primeiros na

sala onde se ía celebrar o concerto, que era realmente bonita. Sentamos nas primeiras filas tan preto do escenario que podiamos percatarnos de cada xesto dos músicos.

Ás 12:00, por fin, empezou a obra: tratábase da Sinfonía nº88 en sol maior de Hayden, esta sinfonía foi interpretada por primeira vez en París na década de 1780 e naquel momento tiñámola soando de novo para nós.

O director era Maximino Zumalave e dunha forma moi familiar e sinxela, foinos explicando todos os detalles e anécdotas referentes á sinfonía, de xeito que todos entendesemos o que Hayden

quería expresar coa súa marabillosa composición. Dela o escritor romántico Victor Hugo dixo mentres a escoitaba que sentía envexa dos músicos porque podían facer falar varios instrumentos á vez mentres que el non podía facer o mesmo cos personaxes das súas obras e que se entendesen todos perfectamente.

A Real Filharmónía Galega é a máis importante e prestixiosa de Galicia e por ela pasaron e pasan músicos e directores

do máis alto nivel. Estivo tocando en importantes eventos e lugares, entre eles:

Auditorio Nacional de Madrid, Expo 2000 de Hannover, Festival Mozart, etc. Ademais os instrumentos da "RFG"

son pezas únicas cun elevado valor económico.

O fermoso conxunto formado pola RFG, o seu director, o Auditorio de Galicia e a sinfonía de Hayden fíxonos pasar uns momentos inesquecibles. A viaxe completouse coa visita á praza do Obradoiro onde puidemos disfrutar doutra obra de arte, esta vez en pedra, a catedral de Santiago.

Rematamos a mañá comendo no centro comercial.

Finalmente descubrimos que nos tiñamos posto de acordo en algo: a todos nos gustara moito a música da Filharmónía.



Ana Raquel Revuelta Parra

EXCURSIÓN A LONDRES

Sáímos o día 11 de Febreiro da porta do Instituto con destino ó aeroporto de Santiago. A viaxe fíxose curta e a media tarde dese mesmo día, chegamos a Londres. Alí, esperábanos unha guía que nos acompañou no autocar ata a que sería a nosa casa durante as seguintes catro noites: o hotel *Bryanston Court*.

Despois de descansar uns minutos e cando xa podíamos sentir o ruxido das nosas tripas, saímos todos a dar un

bonito paseo pola cidade e de paso, aproveitamos para cear, pois no avión case que non comemos nada e todos tiñamos fame.

Londres de noite causounos moita impresión e a pesar da longa camiñada ninguén se atreveu a

protestar, pois merecera a pena ese pequeno castigo para os nosos pés, que se viu recompensado cando xa de novo no hotel comentamos a fermosa e intensa primeira xornada.

O segundo día levantámonos (é ben certo que non especialmente cedo) e comezámo-la xornada cun bo almorzo inglés. O primeiro foi coller un autocar turístico que nos levou pola cidade para coñecer un pouco mellor. Vímo-lo cambio de garda e numerosos edificios e monumentos importantes da capital do *Tames*; aqueles dos que todo turista séntese obrigado e orgulloso de visitar: o vello *Big-Ben*, a *Abadía de Westminster*, *Trafalgar Square*, as famosas *Ponte e Torre de Londres*, etc. Antes de comer, tamén montamos nun barco que nos permitiu coñecer as dúas beiras do río que atravesa a cidade. Esa noite, coma a anterior, estábamos tremendamente cansados, pero os planos do día aínda non remataran, pois tiñamos previsto ver un musical chamado "Fama". O

espectáculo mereceu a pena, a pesar da necesaria e continua atención que tivemos que prestar para segui-los diálogos en inglés. Xa era noite pechada cando saímos pero non podíamos deitarnos sen cear así que, de novo, démoslle gusto ó noso estómago

O terceiro día clareamos máis pronto e comezamos *atravesando Hyde Park*, para chegar ó museo de Ciencias Naturais, sorprendente pola

súa arquitectura máis que polo seu contido.

De alí achegámonos ós *almacéns Harrods*, todo un mito do comercio londinense.


Esa tarde, tivemos tempo libre para facer compras na

tamén famosa, *Oxford Street*.

Xa no último día en Londres,

visitámo-lo *Museo Británico*, impresionante pola súa ampla colección de obxectos e mostras de distintas culturas. Pola tarde demos un paseo polo mercado do barrio de *Noting Hill* e regresamos á zona centro para ir de compras e pasar un tempo agradable na que sería a nosa derradeira noite na cidade.

Ó amencer do día 15, tiñamos o autocar esperándonos á porta do hotel para levarnos ó aeroporto de *Heathrow*, o que supoñía que era a fin da nosa agradable e inesquecible estancia en Londres. Pode ser que non todos e todas fixerámo-los mesmos percorridos nin ás mesmas horas, máis de seguro que ninguén esquecerá aqueles case que cinco días e aquelas catro noites londinenses, nas que fomos ademais de compañeiros, amigos.



Aitor Benítez Fernández

EXCURSIÓN A GANDARÍO

O día 22 de marzo de 2004 ás 8:30 da mañá saímos cara Gandarío. Polo camiño estivo case todo o tempo nubrado. Chegamos ás 11:00 máis ou menos ó albergue.

Cando chegamos pousámo-las maletas nunha sala para ir face-la presentación, pero dixéronnos que esperáramos ata que chegara o outro colexio, polo que nos mandaron busca-las pistas de fútbol, baloncesto, pimpón, voleibol,... e logo déronnos os balóns. Estivemos xogando unha media hora, logo volvemos para face-la presentación. Como o outro colexio aínda non chegara, volvemos marchar, pero ós dez minutos fóronnos buscar porque chegaran por fin os que faltaban.

Estivéronnos explicando os horarios de espertar, almorzar, comer, cear e irmos á cama. Tamén os horarios das actividades. En seguida fomos comer ó autoservicio do albergue onde estabamos e a continuación uns cantos fomos dar unha volta nun barco e outra ó acuario da cidade da Coruña.

Ós que fomos ó barco dividíronnos en tres grupos. O primeiro grupo foi no barco e os outros dous fomos facer un xogo moi divertido.

O xogo consistía en que nos daban unhas fotos dalgún lugar do porto de Sada e tiñámolas que localizar nun mapa que os monitores nos daban. Logo había que facer unhas probas. O primeiro grupo que encontrara os sitios e fixera ben as probas gañaba. Axiña veu o primeiro grupo e marchou o segundo. Despois o terceiro grupo fomos xogar ó pano, porque gañaríamo-la proba. Máis tarde o terceiro grupo fomos no barco, pero primeiro tivemos que poñer uns traxes de auga e un chaleco salvavidas.

O condutor do barco chamábase Barry e díxonos que nos portos só se podía ir a tres nós por hora. Despois, fóra, deixoume conduci-lo barco ata as bateas. De volta trouxérono Lidia e Pedro. Ó chegar ó albergue fomos cear e despois fixemos uns xogos moi "guais".

Ás 12:00 fomos á cama, pero antes de irmos déronnos uns bocadillos para que non tiveramos fame. Estivemos moito tempo espertos, mais os profesores levantábanse botárno-la bronca e á fin tivémonos que durmir.

Ó seguinte día o meu grupo quedamos no albergue e os outros foron á intermareal. Os que quedamos no albergue fixemos un xogo consistente en que nos daban un plano dunha cidade e tiñámola que encher con casas, bares, depuradoras, etc. Para conseguilo diñeiro tiñamos que facer probas e co diñeiro que nos ían dando íamos comprando as cousas. Ó final, o que máis cousas tivera e menos residuos, gañaría o xogo.



Cando chegaron os demais fomos comer. Logo ó meu grupo tocounos ir ó acuario. Vimos moitos tipos de peixes.

Aprendemos que as quenllas teñen dous penes. Despois fomos ver como lles daban de comer ás focas e, cando acabaron de comer, viñémonos para o albergue. Ó


chegarmos vimos que os outros aínda non estaban, porque se lles avariara o autobús e un monitor tivoos que traer no seu coche de catro en catro. Máis tarde fomos cear e logo fixemos un xogo que se chamaba furor. Finalmente, ás 12:00 fomos á cama, pero non sen antes colle-lo noso bocadillo de chocolate.

Logo un profesor estivo xogando cuns alumnos ó tute e máis tarde levounos ver unha película.

Ó día seguinte o meu grupo foi á intermareal e estivéronnos contando cousas sobre algas, cunchas, plantas... Despois encontraron unha charca cun ourizo e sacáronlle fotos. Cando acabamos fomos ó mercado de San Agustín. Fixemos un xogo no que había que pregunta-los prezos dalgunhas cousas. De alí a un anaco marchamos para o albergue comer. Cando acabamos de comer estivemos xogando un pouco. Ás 3:30 máis ou menos collémo-lo autobús e viñémonos para a casa.

Antía Fernández Gómez

EXCURSIÓN A BURGOS



Os alumnos/as de 1º de Bacharelato fixemos unha saída moi interesante que comezou o día 16 de Abril. Ás 8:00 da mañá saímos do Instituto en dous autobuses, pois eramos un grupo moi numeroso.

Sobre as 2:00 da tarde chegamos a Covarrubias, un pobo que destaca como vila medieval. Comemos alí e despois, ás 4:15, fixemos unha visita guiada pola vila: o primeiro que vimos foi o “Archivo de Adelantamiento de Castilla”, despois a “Antigua Casa Palacio del Conde Fernán González”, a continuación as casas do antigo boticario e do Obispo Peña. Tamén vimos os restos da Muralla, e o Torreón de Fernán González. O último que vimos foi a “Colegiata”, na cal residen os restos da Princesa Cristina de Noruega.

Ás 7:30 dese mesmo día xa estabamos en Burgos no Hotel, e fomos de compras ata as 8:30, hora na que nos encontramos todos na catedral, ¡moi bonita!

Fomos cear e despois deixáronnos saír tomar algo. A zona de movida de Burgos sitúase na casco histórico, polo que resulta especialmente atractiva.

Á mañá seguinte emprendemos viaxe cara Atapuerca, un lugar fermoso aínda que as escavacións en si son un pouco decepcionantes, pois para que non se desgasten as cousas case non che deixan ver nada, só o exterior.

Pero o mellor de todo veu despois, cando fomos a un parque onde tiñamos programado diferentes actividades: creación de lume, tallar pedras, lanzamento de frechas, pintura de pedras... Todas estas para que nos fixésemos a idea de cómo era a vida dun prehistórico.

Pola tarde fomos visitar o claustro de Silos, e o que máis impactaba era unha botica moi grande que tiña. Chegamos ó Barco ás 11:30 da noite.

Noa Feás Rodríguez

IGUALDADE

Vivimos nun mundo machista e, sobre todo, violento. Aínda quedan moitas persoas que pensan que a violencia é a única solución ós seus problemas. Afortunadamente, tamén puidemos observar nas manifestacións dos últimos tempos que cada vez é máis a xente que rexeita as guerras e o terrorismo. Mais hai unha violencia pola que aínda non saíu España ás rúas coma nos outros casos: a violencia doméstica. E hai que pensar que se os terroristas nos parecen crueis cando matan a centos de persoas descoñecidas, cómo non nos van parecer desalmados aqueles que matan á súa muller, á nai dos seus fillos, á persoa coa que comparten a súa vida.

Os maltratadores son asasinos en potencia que teñen arraigada a idea da supremacía do home fronte a muller, pero non só os maltratadores teñen esa idea. As mulleres están discriminadas no traballo e na rúa; moitas mulleres traballan o dobre que un home e son a metade de recoñecidas; outras son vexadas, insultadas, humilladas, etc.. só

polo feito de ser mulleres; as mulleres sofren peores situacións que os homes e soportan máis; pero sobre todo, as mulleres son persoas. Así que o machismo non se pode vencer con feminismo, o que debemos procurar é a igualdade. Ningún dos dous extremos é bo; existen homes e mulleres intelixentes, crueis, fortes, hábiles, hipócritas, cariñosos, mentireiros... E non gañaría eu nada con dicir que as mulleres sempre estamos por riba dos homes ou que somos mellores porque estaría a practicar outro tipo de discriminación.

O que todos deberíamos procurar é a igualdade porque igualdade é xustiza, cando hai xustiza a xente non sente carraxe e cando non hai carraxe nin xenreira tampouco aparece a necesidade de vinganza nin de violencia.

Por iso debemos empezar por concienciarnos de que antes que muller ou home, musulmán ou xudeu, branco ou negro, español ou iraquí... todos somos persoas e sentimos da mesma maneira e temos os mesmos defectos e virtudes.

ABUSOS SEXUAIS A MENORES

Como todos sabemos o abuso sexual a nenos pequenos é un feito horroroso.

Cóñécese como abuso sexual a menores actos como manoseos, coito oral, penetración... a nenos menores de 14 anos. Porque todos estes tipos de actos poden producir danos no desenvolvemento e na saúde mental do neno.

Aínda que pareza mentira, estudos realizados en varios países sinalan que entre o 60 e o 62 % das nenas e un 30 a 31% dos nenos sufriron abusos sexuais, e as idades das vítimas van desde 5 a 14 anos.

Aínda que o número de denuncias falsas alcanzan o 8%, entre un 75% e un 80% dos casos nunca son denunciados.

Ademais, as conductas dos nenos poden cambiar radicalmente, indo desde unha conducta exhibicionista, fobia ós adultos, autoagresións, promiscuidade ata depresións ou intentos de suicidio. Moitas veces, son os propios familiares os que utilizan ós nenos para producir pornografía e o neno termina crendo que el é o culpable por tentar ó abusador.

A xente que disfruta con este tipo de abusos son os chamados pedófilos. Esta xente adoita ter un baixo nivel de autoestima e séntese moito máis seguro cos menores e a maioría deles foron vítimas deses abusos na súa infancia.

Os lugares nos que buscan ós menores son: salas de xogos, saídas das escolas, discotecas, a través de Internet e incluso hai igrexas onde os sacerdotes abusan dos nenos.

Claro está que a solución para que estes abusos non se produzan tan a miúdo é denunciar, porque xente así está claro que non poden estar libres e necesitan algún tipo de tratamento psiquiátrico.

Con todo, hai psicólogos que afirman que cando o abuso é denunciado, o trauma que supón este prolóngase polo proceso xudicial: o longo que pode chegar a ser, as entrevistas...

Nós temos que poñer todo da nosa parte (se iso é posible) para que este tipo de conducta tan impresentable non se produza no noso contorno.

J. GENET

QUERO SER GAY

"A sexualidade é polimorfa e perversa..."
M. Foucault

Meu amigo Xavier tiña serias dúbidas sobre a súa condición sexual. Educado nun ambiente castrense e baixo a presión dunha educación nacional-catolicista, non conseguía explicarse por que a xente lle dá tanta importancia ás relacións sexuais.

Púxose a estudar a FREUD e descubriu. O que parece ser aceptado pola inmensa maioría a saber: que a sexualidade está vencellada á materialidade física dos órganos xenitais (animalidade, instinto) como algo universal e necesario; necesidade antropolóxica amparada polo ambiente positivista de principios do s.XIX. Ata aquí todo ía ben. As cousas deron un xiro cando tivo que ler A Historia de Sexualidade de Michel Foucault da que destaca o seguinte.

-A sexualidade é unha invención recente e empeza a falarse dela precisamente no momento da súa maior represión (século XIX).

- Sempre se mantivo actividade sexual, pero algo novo comenzou; unha gran proliferación de discursos sobre o sexo (pedagogización dos nenos, psiquiatrización das perversións, etc)

- O homosexual non existía ata hai moi pouco tempo. Para o Dereito Canónico existe o sodomita que non é o mesmo; este tránsito supón unha nova articulación das relacións saber/poder, unha nova forma de establecer que é o que entendemos por suxeito.

En Grecia a homosexualidade non estaba mal vista, claro que non se establecían relacións masculino/feminino senón entre

suxeitos activos (homes libres) e obxectos pasivos (mulleres, escravos). Non había condena das relacións entre adulto/mozo (do mesmo sexo).

Co cristianismo a muller pasou a ser suxeito culpable (muller pecado) cando antes era obxecto inocente.

Pór de manifesto que o campo de batalla da sexualidade non é o xenital, senón o plano teórico ou epistemolóxico se se quere dicir así (non se trata de algo instintivo ou pulsional máis ben de algo compulsivo ou social) causou unha profunda revelación no meu colega; que o levou a presentarme as seguintes cuestións.

- Se o órgano xenital por excelencia é o cerebro; se un dos maiores problemas é o desexo sexual inhibido e ademais non hai ningunha alteración cromosómica que determine a nosa conducta sexual, entón:

- ¿Por que a xente se empeña en mesturar moralidade con sexualidade?

- A qué se debe que a homosexualidade se vexa coma unha desviación da heterosexualidade agora que esta relación xa non é condición necesaria para manter a especie?

Non che parece dicíame, que onde hai que presentar o tema, é na maneira en que aprendemos a desexar ós demais.

- É posible, contesteille.

A continuación sorprendeume :

- Pois nesta fin de semana quero ser gay.

- E ¿se che gusta? -pregunteille.

- Entón sairei do armario.

¡SALVEMOS GALICIA!

Cando digo antergo, devanceiro, avoa, orixe; digo lingua.

Cando digo terra, eido, Petarela, Valdecarballo, Nogueira do Val, Mallada dos Lobos, Mato, Soutelo, Lameira, Xardueira; digo lingua.

Cando digo labrego, canteiro, mariñeiro, afiador, muller de tódalas tarefas; digo lingua.

Cando digo solpor, folerpa de neve, souto, lagoa, fervenza, xeada, bolboretta, vagalume, coruxa, merlo, carballo, bidueiro; digo lingua.

Cando digo galegos de Centro e Sudamérica, emigrantes a Europa dos sesenta, andoriña da mestizaxe, nómades do mar e o vento; digo lingua.

Cando digo Castelao, Rosalía, Curros, Ferreiro, Avilés de Taramancos, Rivas, Pallarés; digo lingua.

Cando eu esmoreza e a vida se apague caerá a semente na terra e outros nenos e nenas balbucearán "¡nai!", "¡pai!", "¡avó!", "¡avoa!". Medrarán e aprenderán a dicir muller, lúa, choiva. Serán adultos/as e non poderán renunciar á súa lingua

NACICHES POR CASUALIDADE

Unha parella que non sabía o oficio e a súa vocación de pais. Lideraches na escola a nenos e nenas que fuxían da convencionalidade. Fuches expulsado dos polideportivos por non posuír carné. Refuxiácheste e atopaches feliz acollida no clube Kirlo. Alá formabas das xuntanzas de maneira imprescindible, nas dependencias de Cedie, era o teu recuncho preferido da amizade e compañeirismo.

Comprometido nas aventuras de trepar á montaña ou furar como un toupo nas covas e baixar ás simas.

Orfo de nai en circunstancias tráxicas e orfo de pai en feitos, asícheste á túa irmá maior como a unha táboa de salvación familiar, pero as malas fadas arrebataron a túa nova e tenra titora nun fatal accidente.

Máis tarde descubriches o amor ó que adicaches toda a vehemencia. Novamente fuches traizoado e os teus pulos violentos, leváronte a prisión. As drogas foron o teu recurso ante unha vida funesta.

Sen Deus ó que erguer pregos vagaches de negro loito coa dor do desamparo co único acougo que che daba o inmenso radiocasete, voluminoso almacén da música "heavy".

Sombra negra: Jesús Rodero Acuña, cariñosamente "Churri", sempre quixen ter o poder para acollerte e liberarte de todo o negativo, como a tódalas persoas coma ti.

Quixera ter a capacidade de compoñer aquela anxélica música de Lluís Llach: "Campanadas a mort", adicada ós rapaces fusilados sen xuízo na dictadura.

A dictadura da vida ensañouse en ti, e non soubeches alienarte. Vaia por ti esta humilde elexía.

A AUGA QUE NOS ALIMENTA

Eu quería escribir ós montes da nosa bisbarra, cubertos de piñeiros, castiñeiros, hérbedos, carballos, uces, xestas e carqueixas máis todo aquilo que a miña mente non pode abranguer. Eu quería escribir ós animais que alá se agachan, corrían, voaban, reproducíanse... vivían. Eu quixera loar a auga, que a estes montes impregnaba: neve, néboa, arroio, regato, fonte, fervenza, río. Cheguei tarde, moi tarde. Arderon as árbores, os arbustos, as herbas. O que non ardeu foi dinamitado. Revoltas as entrañas da terra sen piedade e profanando o seu verdor con vertedoiros, escombres e moreas de lixo que cobren a súa paisaxe.

Non tiven unha man poderosa que liberara ós animais dos "monstros" civilizados e devolverlles o seu hábitat.

A Auga, despois deste desastre, xa non é incolora, inodora e insípida (leis físico naturais), ten a cor moura do lume, o cheiro dos gases da maquinaria e un sabor amargo, que mesturado co cloro se chega a conxugar. Realidade das quimas da Serra do Eixe, Mouzón, Oulego (por estar preto no tempo). Realidade das canteiras de louxa, que converten a terra nun pedregal, sen ningunha compensación ecolóxica. Realidade triste da auga do río Sil, Leira, Candís. Digo río Candís, auga que nos alimenta e non caben ilusións de salubridade. Destruímos o monte, o regato, a fonte, o río. A auga que amamantou a vida, onte. Hoxe, provocamos nela un destete violento, buscando sucedáneos que nos axudan a esmorecer.

O IMPERIO CONTRATACA

EEUU, Hollywood, "Super Boul". Janet Jackson ensina un peito no medio da súa actuación. O espectáculo convértese nun escándalo público a causa deste "saír á luz" dun músculo común, dun músculo polo que todos, tarde ou cedo "mamamos".

Posteriormente a gala dos famosos "Grammy" retrasmítese con retraso, deixando de lado a libre circulación de ideais e imaxes propias dunha democracia, deixando o directo... claro exemplo de censura en plena campaña estadounidense (non fose ser ¡coitadiños escotes!..)

Xa sei eu que o goberno de Bush e os seus prepotentes axudantes maman doutra cousa: maman do petróleo de Irak que emerxe polas súas veas, do sangue derivado da morte de miles de vítimas para encher cada recuncho do seu corpo baleiro; chuparon da guerra de Afganistán e mesmo da represión que están a sufrir na actualidade os presos de Guantánamo (deles tamén supcionan incesantemente).

Maman, chupan como víboras pero aterrorízanlles a idea de ver o peito en si, paradoxal verdade??

Un "escándalo" que chega ao resto de Europa, un tema absurdo censurado como é o

da propia anatomía das persoas, da muller (o obsceno non está no corpo senón na mente)

¿E que me din da censura e do escándalo ao que están sometidos os propios ianquis? Acaso non foi e é moito máis alarmante a execución dunha guerra "necesaria"? Existen conflitos necesarios? ¿e a pena de morte?

Facendo dun grao un montón de area segundo lle convén. Así vive o xefe do mundo, o tío do presidente de España, o irmán de Toni Blair.

Así chuchan, como un tríoxeno que escorre ao resto do mundo, sen que ninguén mova un dedeiro... ¿e se o moven? Censura, manipulación, corrupción, terrorismo...


¿É isto liberdade de expresión e de comunicación?

Para uns intres de reflexión e éntrame un pánico no corpo, percorren a miña memoria nenos de doce anos con metralladoras, de cadáveres de presos apodrecidos co paso da falacia do tío Sam, dunha tapadeira semellando un panal de abellas coa tarefa de facer o mel, sen saír da rutina, sen espírito reivindicativo colectivo, sen dinamismo social nin moral.

OS NÓSOS ESCRITORES

Eva Rodríguez Mate

ENTREVISTA Ó ESCRITOR XOSÉ RODRÍGUEZ FERRER



FLOR DA AUTONÍA

Camiñamos, amor meu, decote xuntos
Arelamos meramente as mesmas cousas,
Despexando o noso soño dos atrancos
Agachados coma rochas baixo ondas.
Acendidos fomos anos e máis anos,
Cunha chama de tenrura fumegante,
Eu contigo, ti conmigo compartindo
Agarimos, horizontes, inquedades.
As promesas que xuramos ata a morte
Pra vivirmos nun abrente sempre fausto
Foron beixos e aloumiños a cotío
Mentres fomos pola vida camiñando.
Agora, amor, xa pasaron as auroras
do verán que reemprazou a primavera,
neste outono de sosego e neves cálidas
só nos quedan ardorosas as promesas.
Na quietude deste ciclo consumado
Relembramos as roseiras florecidas,
Camiñamos amor meu, decote xuntos,
Que unha rosa sexa un bico na outonía.

CELOS

Hai algo no teu corpo de flor que me transfere
A un mundo de profundas agonías,
Unha sensación de noite inacabable,
Un terror enmudecido,
Soñando coas risas máis tristes primaveras.
Estou de celos, amor, acugulado,
como se sempre tivera coitelos feríndome no peito.
Teño pesadelos que magoan a miña alma
Son suores de xeo,
Persegúndome incesantemente polas noites bébedas,
sen lúas,
sen horizontes.
Afógame sen ti, desesperado
Coma un fiúcho seco agardando a choiva no estío.
Soño que te vas coma os paxaros no amanecer
Buscando as caricias doutros beizos,
Doutras miradas,
E teño celos de tódolos sorrisos anónimos,
De tódolos reiseñores afortunados,
De tódolos peitos florecidos.
Sen a túa claridade son un anxo sen ceo,
Un poema gris nun outono olvidado.

- **Fágame vostede unha pequena biografía súa.**

- Ben. Eu chámome Xosé Rodríguez Ferrer e nacín en Vilamartín de Valdeorras un día de Reis, aló no ano 1946. Despois de pasar pola escola da miña aldea, aos dez anos fun estudar ó seminario da Nosa Señora das Ermidas. Alí botei catro anos. Logo de deixar o seminario, estudiei o bacharelato no colexio Dequitt do Barco de Valdeorras. Despois veu o meu paso pola escola de aviación de "La Virgen del Camino" de León. Logo estiven viaxando polo mundo.

- **¿Cando comezou a escribir?**

- Eu comecei a escribir moi cedo. De pequeno xa me gustaba facer poesías e pequenos contos, desde os 15 ou 16 anos non volvíñ escribir. Eran tempos difíciles e había que facer outras cousas.

- **Pero vostede escribe. ¿Cando empezou de verdade?**

- Pois a escribir de verdade, como ti ben dis, comecei moi tarde, aló polo ano 1995.

- **¿Cantos libros ten editados?**

- Editados teño tres poemarios: "Amencidas de Valdeorras", "No Camiño" e "Alén da Paixón dos Sonos".

- **¿Cantos ten inéditos?**

- Inéditos teño unha morea deles. Así como oito ou nove poemarios e algún libro de contos e historias.

- **Poderíame dicir os temas das súas obras.**

- "Amencidas en Valdeorras" é un libro de poesía costumista feito con humildade e que trata de costumes e vivencias da nosa bisbarra, é dicir, de Valdeorras. "No camiño" é un libro de poesía intimista e tamén, tamén paisaxístico, xa que narra diversas situacións nas que se atopa un peregrino a Compostela, física e psiquicamente.

"Alén da paixón e dos sonos" é un libro de lírica amorosa. Nel fálase do amor platónico e da rendición ante a beleza.

Dos poemarios inéditos pódese dicir que hai neles poesía de tódolos tipos, costumista e vangardista sobre todo. Tamén poesía social.

Os libros de contos son historias, vellas historias que suceden aquí na nosa comarca.

- **¿Por que escribe vostede en galego?**

- Eu escribo en galego porque son galego e o galego é a miña lingua propia. Xa sei que escribir en galego non está moi ben visto polas "autoridades" e polo tanto polo pobo en xeral. Eu non comprendo por que, xa que o galego é unha lingua moi fermosa e tan antiga ou máis có castelán, inglés...

- **¿Cal é o autor galego que máis lle gusta?**

- Dos antigos, Ramón Cabanillas (o poeta da raza) e dos de agora Xosé Neira Vilas ou Méndez Ferrín.

- **Dígame o título do libro que máis lle prestou.**

- Pois, pois quizais "Da terra asoballada" de Ramón Cabanillas. Outro que me gustou moito foi "Arraianos" de Méndez Ferrín.

- **¿Pensa seguir escribindo?**

- De momento si. Para min o escribir é unha necesidade e, a pesar das poucas facilidades que lle dan a un, eu non o penso deixar.

- **¿Pensa escribir algún día en castelán?**

- Penso e xa o estou facendo. Nestes momentos estou a escribir un poemario en castelán. Trátase dun romanceiro sobre Galicia.

- **¿Como está hoxe a literatura galega?**

- Eu penso que está bastante ben, pero podía ir moito mellor. Iso depende de nós.

Noa Feás Rodríguez

ENTREVISTA Ó CANTAUTOR ANXO REI



- **¿Onde presentou o seu primeiro disco e por que elixiu ese lugar?**
- A presentación tivo lugar en Córghomo por ser a aldea que viu nacer a Florencio Delgado Gurriarán o día 19 de decembro do

2003 e baixo o meu punto de vista o marco ideal para facelo.

- **¿Cando e como comezou a súa afección pola música?**

- A dicir verdade é que merquei a miña primeira guitarra cando tiña 15 anos. Non é menos verdade que nacín no seo dunha familia cantareira
- **¿Como se converteu esa afección en algo máis serio e profesional?**
- Empezas tocando para a familia e un par de amigos, logo chámante para tocar na presentación dun libro, ou o día das letras galegas, e pouco a pouco como sen querer estás inmerso neste mundo da farándula.
- **¿Foi doado ó comezo? ¿e na actualidade?**
- Ningún comezo é fácil e sobre todo se cantas en galego.
- **¿Quen o axudou/apoiou?**
- Musicalmente diría que Xosé Luís Rivas “Mini”. Teño que agradecer tamén á Asociación Florencio Delgado Gurriarán de Córghomo e ás mulleres rurais, e como non ó pobo de Córghomo en xeral.
- **¿Por que se decantou polos poemas de Florencio Delgado Gurriarán?**
- Eu xa cantaba a Florencio Delgado Gurriarán na miña primeira etapa dado que estiven 10 anos sen tocar, pero como este ano pasado celebramos o centenario do seu nacemento, que mellor motivo para sacar este traballo.
- **¿Son os únicos que musicou?**
- Non, tamén musicuei a Darío Xohán Cabana, Fiz Vergara, Amado Carballo, Celso Emilio, Antón Tovar e non me podía esquecer de Rosalía.
- **¿Hai algún que lle guste en especial?**
- Todos son grandes poetas non sabería con quen quedarme
- **¿Por que o título “Fronteira de Cegoñas”?**
- Así é como lle chamaba Florencio a Valdeorras dado que por aquel entón as cegoñas non pasaban máis alá do val de Valdeorras.
- **¿Ten letras propias?**
- Si, algunha hai.
- **No disco conta coa colaboración de Mini, ¿foi a primeira vez que colaborou con el? ¿dende cando se coñecen?**
- Si, esta foi a primeira vez que fixemos algo xuntos. Coñezo a Mini dende o ano 75 máis ou menos, pero hai arredor de sete ou oito anos que nos une unha gran amizade.
- **¿Que lle parece o estado da música na actualidade (en España e en Galicia)?**
- Referente á música en España, penso que hai unha tremenda manipulación polos medios de comunicación, e que por desgracia só escoitamos o que eles queren. Por outra banda a música galega, baixo o meu punto de vista goza de moi boa saúde.

O GAITEIRO DA PORTELA



Nace nunha familia humilde; 1907-1993. Sen saber ler nin escribir, aprendeu a tocar a gaita el só.

Un día que ía ao Barco co carro cargado de viño, viu nunha lonxa do sindicato uns instrumentos que debían de ser dun grupo que houbera no Barco. Preguntoulle ao que estaba alí o seu cargo o que facían eses instrumentos alí tirados, e ao final díxolle se podería levar a gaita. E así foi como se fixo coa primeira gaita. Tivo que poñerlle fol coa pel dun cabrito que el mesmo curtira; máis tarde tamén lle puxo a palleta; pero ocorría que seu pai non lla deixaba tocar porque había que traballar no campo; entón el levouna a unha campaza onde había castiñeiros e gardouna na carocha dun, e cando tiña ocasión alá ía ensaiar. Logo sendo aínda rapaciño comenzou a saír polas aldeas, contrataba a un co bombo e outro coa caixa e alá ía.

Formou un grupo de gaiteiros chamados “Os alegrías de Portela” E cando os seus dous fillos comenzaron a valer, levábaos con el. Tocaba muñeiras, pasodobres, etc., calquera cousa, xa que escoitaba en Radio Andorra, un programa que lle chamaban “Club de

Amigos”, e peza que escoitaba, peza que tocaba.

Tocaba de oído. Por onde máis tocaba era polas vilas de arredor: Sobradelo, Rúa, Petín, e tamén algunha de Ponferrada. Pero aparte de tocar en festas tamén chegou a ensaiar cun grupo de Sección Femenina que había no Barco e logo ían á inauguración dos pantanos, cando botaban a primeira pedra e cando os remataban. Algunhas veces tamén tocou no casino do Barco cando viña algunha autoridade.


No ano 14 foi por unha gaita a San Vicente, xunto dun señor que se chamaba Leopoldo, o cal lla prestou porque lle vía moita afección por ela, pero coa que realmente comenzou a tocar foi coa que levou do sindicato.

ANÉCDOTAS:

Unha vez raxáronlle os instrumentos porque tiñan que ir tocar a un bar que tiña sala de baile, pero como lles xurdiu outro compromiso que estaba mellor pagado... non foi; e entón estes vingáronse nos instrumentos.

Ben, pois espero que este artigo non o aburrisse moito, pero aquí damos a coñecer unha persoa que alegrou moitas festas “O Balbino, O Gaiteiro do Silencio”.

OS NÓSOS ACTORES



Grupo de teatro do IES Martaguisela. Curso 2003-2004.

Ela: rebelde, activa, loitadora, inconformista, solidaria... ano tras ano coa mesma ilusión: atopar unha obra, un papel e un actor ou actriz para ese papel. Sen ela o teatro no Instituto non sería o mesmo, posiblemente, "non sería". Nel deixa a alma, o tempo, a paciencia e como é das que queren marchar "lixerías de equipaxe", ata deixa os mobles e o vestiario da súa casa se fai falta, que case sempre o fai.

Elas/Eles: desinteresados, activos, solidarios... deixan o seu tempo e a súa memoria en facernos chega-lo teatro galego. Son actrices e actores que tamén, ano tras ano, poñen a súa ilusión e o seu sacrificio enriba das táboas para que compartamos con eles a emoción da arte na escena. Sen elas e eles tampouco habería teatro.

Nós: egoístas, pasivos, conformistas, sen tempo para nada, non somos capaces, moitas veces de apoialos e valora-lo seu traballo. Sen nós si que habería teatro.

OS NÓSOS DEPORTIVISTAS

¿Sabíades que....



Joaquín Fuertes e Cortés, no partido disputado entre o Deportivo e o Ourense o 18 de novembro de 1973.

... O noso Joaquín Fuertes (no lado esquerdo da foto) e o pai da nosa Marta (no lado dereito) si que foron uns galácticos de verdade?

Se non o credes preguntádello á afección do Ourense, Cádiz, Burgos, Palencia; e Deportivo, Cádiz, Oviedo e Ourense, respectivamente, que os viu xogar e sabe da súa ilusión, do seu esforzo e do seu traballo como futbolistas.



Profesores do IES Martaguisela e alumnos de 1º de Bacharelato, nun partido de liga disputado no curso 2003-2004.

OS NÓS OS DEPORTIVAS

RESULTADOS DA LIGA DE FÚTBOL (CURSO 2003-2004)

CLASIFICACIÓN DO PRIMEIRO CICLO

EQUIPOS	X	G	E	P	GF	GC	PTOS
1º BAC A	2	2	0	0	32	12	7
3º ESO B	2	2	0	0	29	14	7
4º ESO A	3	1	0	2	9	35	3
PROFESORES	3	0	0	3	14	25	0

CLASIFICACIÓN GRUPO 1 ESO E BAC

EQUIPOS	X	G	E	P	GF	GC	PTOS
2º ESO C E D	4	4	0	0	38	12	12
2º ESO A	4	2	1	1	51	15	7
1º ESO A	4	2	1	1	29	18	7
2º ESO D	4	1	0	3	28	34	3
1º ESO B E C	4	0	0	4	5	58	0

CLASIFICACIÓN GRUPO 2 ESO E BAC

EQUIPOS	X	G	E	P	GF	GC	PTOS
4º ESO B	2	2	0	0	30	19	6
1º BAC B	3	2	0	1	29	17	6
2º BAC	2	1	0	1	34	18	6
3º ESO A	3	0	0	3	14	49	0

SEMIFINAIS 2º CICLO DE ESO E BACHARELATO

4º ESO B: 8 / 1º BACHARELATO: 3

2º BACHARELATO: 13 / 3º ESO B: 3

FINAIS

Primeiro ciclo: 2º ESO A – 2º ESO C e D

Segundo ciclo: 2º Bacharelato – 4º ESO B

Tarcisio Ávila Núñez

A VENDIMA

Vendimar: Acción de colle-las uvas das vides cando xa están maduras.

Se buscamos nun dicionario vendima ou vendimar esta será a definición que nos encontraremos. Pero para min a vendima é moito máis. É o esforzo físico que supón a colleita; é o afán de axudar e ser axudado por amigos e familiares; é o esforzo de todo un ano de minuciosos coidados e cariños as vides... ¿E todo isto para que? Pois mire, para recoller as uvas que son froitos dos que obterémo-la bebida dos deuses, o líquido da felicidade, esa substancia que é a causa e solución dos nosos problemas, ese ser que percorre o noso tubo dixestivo deixando un amargo sabor, un amargo sabor

máis doce que o azucre e máis amargo que o vinagre... si, eso é, o viño.

E igual que a vendima, o viño non é só viño, o viño é xustamente os "amigotes", e falar, e comer, e beber, e rir, e cantar e finalmente bailar. Pero o viño é traizoeiro, o viño é máis listo ca ti, o viño é mentireiro e pillabán, xa que agarda o momento no que baixas a garda para atacarte. ¡Si, oíches ben! ¿E onde te ataca? Pois no estómago, na cabeza, nos ollos... o viño pode golpear o estómago, desprazar a cabeza e tapar os ollos.

¿E que terá o viño? Que terá que a seguinte vez vólvetes enganar.

Vanesa Bruña Fernández

O ENTROIDO

A concepción de Entroido é moi subxectiva. Hai tantas opinións como persoas que participen del sumadas a aqueles que deciden non coñecelo.

Pero sempre hai unha tendencia, que é a propia de cada lugar. É evidente que nas zonas onde hai máis tradición é onde máis se aprecia e se disfruta, xa que o Entroido é practicamente algo fixado nos xens: xa dende pequenos nácese con iso e, case inmediatamente, sénteno como propio.

Nembargantes, e apoiando o dito ó principio, tamén é cuestión de gustos. Sempre haberá algún individuo que nacera nun lugar sen "tradición entroideira" e que teña máis ilusión posta neste acontecemento ca outro que pertence a unha desas famosas zonas onde a fariña ou as formigas, a samba ou as "chirigotas", son algo connatural á maioría dos habitantes do lugar.

A finalidade do Entroido é a diversión levada ó máximo nivel. Os disfraces son un modo de ocultar a verdadeira personalidade e levar así a cabo accións

que ó descuberto non se farían por medo á opinión pública.

Pero, particularmente, eu penso que o realmente bonito do Entroido é o encontro de tódolos veciños e tamén a posibilidade de coñecer persoas que, ó igual ca ti, queren aprender a "corre-la fariña" en lugares como Viana do Bolo, ou a resisti-las formigas en Laza, ou, xa fóra de Galicia, a soporta-los escaparates florais das aspirantes a raíña en Canarias, ou a bailar samba como o fan os/as cariocas no Sambódromo... todo iso levado co bo humor que se almacena durante todo o ano.

E é que neste tempo todo está permitido, sendo un dos poucos momentos anuais nos que se esquecen os problemas e, ó saír á rúa se ve o asfalto impregado de ledicia e de bo humor, condimentos indispensables para a multitudinaria diversión provocada simplemente polo son das cordas vocais ó pronuncia-la palabra "E-N-T-R-O-I-D-O".

María López Álvarez

O NADAL

O Nadal é época de contrastes... As bágoas de alegría mestúranse coas de melancolía, e a festa rachada intercálase cos momentos de absurda soedade. Debe se-lo frío, ou a chuvia, o que fai esta época tan... única. Nin boa nin peor. Nos rostros dos nenos o mellor aínda se pode adiviñar unha chispa de ilusión, coa esperanza de que quizais os seus pais decidan afrouxa-lo cinto e regalarlle esa consola ou aquel mobil tan modernos. Pero de maxia, xa non queda nada. A

maxia redúcese a atopa-lo xeito de non arruinarse no intento de seguir as tradicións dos regalos e das grandes comilonas. Non, o Nadal xa non é o que era. Ese simbolismo de paz, alegría e amor transfórmase en pasotismo, consumo e intereses comerciais. Pero a pesar de todo eso o Nadal e unha época festiva chea de cousas famosas e hai que aproveita-la época de vacacións, xa que sobre todo neste curso é algo que valorar.

NO PRINCIPIO DOS TEMPOS

No principio dos tempos tódolos animais vivían libres, no campo. Tiñan as súas casas, os seus traballos e os seus animalíños ían á escola. Esta escola era moi especial, a ela ían os porcos, os gatos, os elefantes, as formigas, as vacas, as serpes, os merlos, as pombas e o resto dos animais.

Todos eran diferentes: habíaos moi sucios e moi limpos, moi maliciosos e moi “tolos”, moi altos e moi baixos, moi delgados e moi grosos, moi negros e moi brancos...

A aula era un desastre pola culpa dalgúns animalíños que eran insoportables: metíanse co profesor e cos compañeiros, non paraban de alborotar, ensuciaban a aula e sobre todo non estudiaban nada.

Un día un dos leóns meteuse co caracol. O caracol era bo estudante, respectaba os seus compañeiros e os profesores, sen embargo o león era arrogante, presumido e metíase con todos. Aínda que facendo todo iso cría que contaba co aprecio e admiración de todos, mentres que o caracol non. Pois ben, ese día o león comezou a meterse co caracol diante de todos, o caracol calou e non dixo nada, sen embargo algúns dos compañeiros, os máis intelixentes, enchéronse de valor e plantáronlle cara ó león demostrándolle que non a todos lles gustaba a súa forma de ser.

Pasaron anos e a aula seguiu igual, pero cando todos eran maiores comezaron as diferencias. Chegaron os humanos e comezaron a convencer ós animais para que fosen con eles dicíndolles que non terían que traballar, todo o día estarían facendo o que quixesen e terían comida sempre sen esforzo.

Os animais máis vagos aceptaron sen pensalo, mentres que os máis intelixentes non aceptaron xa que todo iso non podía ser posible.

E así foi, a liberdade que lles ofrecían os humanos era explotalos e sacrificalos para comelos. Mentres que o resto dos animais disfrutaban da verdadeira liberdade, a de vivir gracias ó esforzo dun mesmo.

Silvia Rodríguez López.

¿QUE SIGNIFICA ALEGRÍA?

Para qué falar se as palabras non din nada; para qué chorar se non quedan bágoas; para qué rir se non hai ilusión. Así é como me sinto cada día que pasa cando miro ó horizonte e non atopo unha resposta sobre o sentido que ten a vida.

Vivo nun lugar olvidado da man de Deus, e xa nada me importa. Non teño comida, non teño fogar, non teño familia: non teño vida.

A miña identidade non importa, son só unha muller oprimida máis. Preguntarédvos por qué me sinto así; pois ben, todo comezou cando os homes da miña “familia” partiron cara un mundo mellor.

Aquela noite cando se embarcaron nun pequeno bote cara a terra prometida sentín un baleiro no corazón; tiña un mal presentimento. Eles estaban moi contentos pois tiñan un plano: pasarían remando o estreito de Xibraltar ata chegar a España; alí atoparían traballo e conseguirían legalizarse. Algún día voltarían e segundo eles teríamos a vida que sempre soñamos: comida, vivenda e felicidade.

Eu estivenos observando ata que se perderon nas inmensidades do mar. Seguidamente fuxín como alma que leva o vento daquela praia que me traería a perdición e agocheime nun rincón. O único que quería era

estar soa; non quería que ninguén viñera apiadarse de min e aínda que sabía que estaba en boca de todos porque quedara soa naquel inferno non me importaba.

Oía risos ó lonxe pois todos pensaban que a viaxe sería un éxito e celebrábano como malamente podían; só eu sabía que aquilo era unha idea fóra de lugar e que non chegaría a acadarse.

Pasei naquel recuncho toda a noite. Imaxinábame que era o meu mundo, unha burbulla que me envolvía e non deixaría que me pasase nada; protexíame de todo mal e non pensaba en nada máis, só na miña protección. A verdade é que non quería deixar aquel lugar, pero estaba obrigada a me levantar e buscar comida para poder sobrevivir. Buscaba entre a natureza algo que levar á boca e ó final sempre remataba comendo algunha froita amarga que me deixaba mal sabor de boca e unha mala dixestión.

Os días parecían meses e os meses anos; cada minuto que pasaba era unha eternidade para min; ¿Por que pasaba tan despacio o tempo neste momento? A angustia, o medo, a desesperación volvíanme tola. Non quería estar coa xente. Molestábanme as súas verbas xa que non dicían nada; as súas caras recordábanme a miña familia, e na aldea só ulía a morte, polo que fuxín daquel “cemiterio” e agocheime na nai natureza.

Busquei algo que me fixera olvidarme por un intre daquel sufrimento e atopei unha pequena cova agochada entre uns arbustos; alí pasaría o resto da miña existencia, a non ser, claro que volvesen os meus.

Acostumeime a vivir alí e a estar todo o día a escuras naquel pequeno fogar; acostumaba saír só de noite posto que os maiores depredadores durmían, e así eu tiña tempo para buscar mellor o meu alimento.

Chegou un momento en que a luz do día non me ofrecía nada e a escuridade era a miña única amiga.

Unha noite mentres buscaba a miña cea sentín uns pasos que recoñecín nese mesmo intre, era a xente do poboado; escondida oíaos falar sobre a viaxe a España. Chegaran algúns homes que partiran na mesma “patera” que os meus.

Sen pensalo dúas veces saín do meu escondite e pedín unha resposta a aqueles humanos. Ninguén me quixo responder polo que optei por correr cara a praia. Pasei ó lado da xente e os rumores empezaron a soar. Acerqueime ós homes que voltaran e mirándoos sen pronunciar nin unha soa palabra xa souben o que acontecera. Todos os demais non voltarían xamais; o mar fixéaos os seus cómplices e permanecerían nel para sempre.

Non quixen chorar porque como xa dixen antes non me quedaban bágoas, só puíden lanzar un grito mar adentro coa mensaxe: “pronto estarei con vós”.

Cando xa estaba máis calmada contáronme a triste traxedia: mentres estaban navegando, unha tempestade baixou do ceo e arremeteu contra eles, tirounos da barca e debido á ondada a maioría morreron naquel intre; outros loitaban coas ondas, pero todo foi en van. Os poucos que quedaban, suxeitos ós anacos de madeira que desprendera o bote, a marea levounos ata o porto e desde alí as autoridades do país mandáronos de regreso posto que eran ilegais.

Parecía mentira, agora si que estaba soa na vida. Aínda que sabía que non podía acabar ben tiña unha pequena esperanza dentro do meu ser que me susurraba que non todo era tan malo como parecía, pero está visto que si. A realidade supera a ficción e a vontade non pode facer nada. ¡Esta vida non é xusta!

¿Entendedes agora por que me sinto así? Espero que si e que ninguén máis sinta este odio e esta desesperación. Con esta, a miña vida, espero que non vos sintades tristes, porque esa non é a mensaxe que quero transmitir; non quero dar pena nin recibir ánimos porque non serven de nada.

O que quero é facer unha chamada a toda esa xente que se sente culpable con este derradeiro capítulo da miña existencia. Quero dicir que non só eu son a que leva tras de si tanta morte e todo isto poderíase chegar a cambiar, aínda que sei que todos eses “humanos” non queren desperdiciar o seu “valioso tempo” cun lixo coma nós. Só me queda a esperanza de saber que “**NON HAI LUZ SEN ESCURIDADE**” e que tarde ou cedo toda esa xente rematará caendo nunha pobreza absoluta, polo menos, de corazón.

Agora reunireime cos meus seres queridos no fondo do mar e espero que algún día a igualdade resida en todo o mundo sen esquecerse de ningún recuncho desta pequena “galaxia”.

Ata sempre:

Unha muller sen alma

Noelia Fernández Paradelo

¿HUMANIZACIÓN FORZOSA?

Só se distinguía con claridade o resplandor feroso dunha lúa solitaria no medio dun lusco-fusco chuvioso. Era un deses tópicos seráns de outono onde nada que haxa ó redor teu, por moi extraordinario que sexa, te motiva a levantarte do sofá; ese recuncho onde tan languidamente repousas diante da televisión, intentando tragar e masca-los inmastigables programas de cotilleos que, contradictoriamente, tanto abundan nesta época de progreso e innovación.

Pero o reflexo do imprescindible astro, sempre inseparable do noso planeta azul, era tan brillante e intenso que Anxo non puido evitar estira-las súas pernas e dun salto incorporarse e arrimarse ata quedar co nariz pegado á fiestra. Deixou a mirada perdida naquelas aspas afiladas e insinuantes e, por efecto da concentración na que entrara, sentiuse transportado na lúa.

Nun principio pensou estar nun elevado paraíso espacial. De súpeto entroulle no delgado corpo un brutal arrepío que era causado, sen dúbida, polo frío e pola intensa emoción que estaba sentindo.

Cando comezaba a preocuparse polo infinito silencio e pola aterradora soidade, pareceulle escoitar voces moi agudas, que lle susurraban docemente: "Estás aquí para recoñece-los estragos que os da túa especie causastes nun mundo ó que chegastes sen nada a cambio e no que atopastes refuxio e vida. irónicamente podeades e queredes estragar por completo o lugar que volo deu todo".

Entón a vista de Anxo, por instinto, dirixiuse á Terra, e nese momento entendeu a inmensidade dela, tanto en tamaño como en beleza. Pouco a pouco e sucesivamente, aparecía unha especie de "zoom" que aumentaba o territorio xeográfico por onde ía pasando.

Na primeira destas experiencias, o rapaz recoñeceu á xigante cidade de Nova York, que xa tiña visto en fotos e en numerosas ocasións na televisión (ese frío aparato que marca a vida de nenos e adolescentes). Nesta metrópole destacaba a contaminación extrema e o pouco espírito cidadán xunto coa riqueza xa recoñecida mundialmente.

Xusto despois e en contraste coa anterior, na visión dos países subdesenvoltos resaltábase a pobreza, a miseria, o analfabetismo, o aillamento con respecto ó resto do mundo (que se desenvolve a pasos case que axigantados), a enfermidade, o contaxio, os virus e bacterias, a pouca axuda internacional...; pero tamén a esperanza cando algún ser solidario chega desinteresadamente para axudar, para informar, para alimentar, para vacinar, para construír, para ensinar. En definitiva, para facer o que a inmensa maioría dos habitantes deste mundo, entre os cales se atopan os grandes xefes mundiais, non se molestan nin en pensar.

Cando acabaron as imaxes, Anxo estaba totalmente avergoñado, pensando que el odiaba inxustamente ós rapaces e rapazas de color de pel distinto ó seu, que ían ó seu instituto. Antes desta aventura el pensaba que non tiñan tantos dereitos coma el, que non debían estar no seu país, que non debían relacionarse cos da súa vila. Pero agora, agora dábase conta de que o planeta era tanto seu coma deses rapaces, que eles tiñan o mesmo privilexio ca el de disfrutar a Terra. Que por non nacer en España non se tiñan que quedar fóra dela, pois o noso país é un territorio libre do mundo, e todas as persoas do mundo son libres de entrar e saír del.

Pero tristemente non todos pensan coma Anxo, non todos están dispostos a recoñecer que non construíron o mundo, pero si que o están destruindo, tanto externamente como humanamente. E como non todos teñen a sorte de pasar pola lúa como este rapaz o fixo, acabarán (ou acabaremos) uns cos outros antes de lograla harmonía, a paz e a igualdade.

Se nós non coidamos do noso e dos nosos, ¿quen os vai coidar? Por unha parte gustaríame vivir os milenios necesarios para sabe-lo desenlace da nosa especie e do noso planeta, pero por outra penso que os últimos anos, de seguir así, serían case invivibles e ruinosos. Espero equivocarme de cheo.

Vanesa Bruña Fernández



UNHA NAI

Un día, deses menos pensados, a nai de Esperanza comezou a enfermar e, malia que todos fixeron o posible por evitalo, a pobriña morreu deixando atrás fillos e traballo por facer.

Esperanza quedou desolada, súa nai fora toda arte e beleza, amaba a música, a poesía, a pintura, a natureza... e por riba de todo amaba ás persoas. Pero, aínda que tiña obras importantes, o que máis destacaba dela era a súa modestia e humildade.

Aquel día tristeiro a chuvia mesturou todas as cores e tinguiuno todo de cor agrisada. Dende moi lonxe comezáronse a escoitar as badaladas que anunciaban o enterro. Mais Esperanza xa levaba moito tempo sentada nun dos bancos da vella igrexa, tiña a mirada perdida, o rostro sen expresión e pola súa cara esvaraban bágoas miúdas. Cando os primeiros asistentes comezaron a entrar, ós oídos de Esperanza chegaron frases coma: "Pobriña! estaba moi unida a súa nai...", "...é que a morte dunha nai sempre conmociona, é terrible...", "a súa nai era excelente, ninguén poderá encher ese baleiro". Ela pensou chea de rabia que aquelas xentes non sabían do que falaban, algúns nin sequera coñeceran a súa nai e aquilo doeulle máis cá propia morte.

Todos aqueles comentarios da igrexa xunto coa idea de que a súa nai quedara enterrada para sempre quedaron gravados na mente adolescente de Esperanza, que día tras día foi vendo como todos ían deixando de falar da nai que tanto quería. Ela recordábaa a cada instante, levaba no seu corazón as súas palabras, a súa música e cancións, os lugares nos que estiveran xuntas... conservaba na súa cabeza unha bonita imaxe da nai e non sentía tristura ou dor ó pensar nela. O que si lle causaba unha forte angustia era ver como a xente que a rodeaba, incluso os seus irmáns, borrarán o recordo da súa naiciña.

Desgraciadamente, Esperanza non tiña forzas para botarlles en cara ós seus irmáns e irmás que tiveran rodeado a lembranza da súa nai dunha espesa capa de néboa e escuridade. Os máis pequenos a penas a coñeceran e no caso dos maiores algúns refíxeran a súa vida e outros marcharan da casa, tal vez fuxindo da dor. Por iso un día despois de varios anos, desanimada, voou.

Comezou a viaxar por lugares novos, coñeceu a xente moi distinta, con costumes estrañas e idiomas diferentes que non tiñan nada que ver co que súa nai lle aprendera. Aínda que tamén había nesas persoas aspectos bos e enriquecedores.

Unha noite, mentres tomaba algo nun bar, escoitou sen querer, como soe pasar, unha conversa allea. Varios adolescentes estaban a falar animadamente e a ela pareceulle que comentaban un dos libros de súa nai. Achegouse a eles con intención de confirmar as súas conxecturas e, efectivamente, os rapaces falaban diso. Dixéronlle que coñecían a obra da nai e que lles gustaba moito, o que parecían descoñecer era o feito de que a súa nai morrera.

Nos meses seguintes en cada sitio novo ó que chegaba aparecían máis persoas que coñecían a súa nai, as súas cancións, os seus poemas... pero ninguén sabía da súa morte repentina había xa cinco anos. Esperanza, cada vez máis confundida, converteu a súa viaxe nunha deambulación, nun andar sen tino.

Ata que unha mañá espertou nun cuarto sen saber cómo nin por qué estaba alí. O cuarto tiña unha enorme xanela, de xeito que, parecía que o seu único obxectivo era termar daquela xanela. Mais o verdadeiramente impresionante era a paisaxe que se vía a través dela: un tapiz verde, decorado con floríñas silvestres, levaba a vista cara o maxestoso río que discorría mollando ás montañas do fondo. As montañas tiñan formas suaves, cores verdes e estaban salpicadas, por aquí e por acolá, de grupos de casiñas. O ceo apoiábase nelas buscando acougo, unhas veces aparecía límpido e outras mostraba fileiras de ovelliñas que discorrían dando vida a aquel cadro. O movemento notábase tamén ó ver os efectos da brisa nas follas dos bidueiros que medraban xunto ó río.

En vista dunha paisaxe tan increíble e apracible, Esperanza quedou fascinada e, durante os días que pasou naquel cuarto, non apartou os ollos da xanela. Unha muller duns sesenta anos e o seu marido foran os que acolleran a Esperanza na súa casiña, despois de atopala en moi mal estado axeonllada xunto á beira do río. Por un tempo Esperanza non saíu do cuarto e a penas

falou cos seus anfitrións, pero si que os escoitaba falar. Quedaba engaiolada coas súas palabras que estaban na súa lingua, na que a súa nai lle ensinara, e aquilo dáballe a entender que se atopaba de novo na súa terra.

Unha mañá na que Esperanza estaba ollando as augas incansables do río, dona María(a dona da casa)entrou no cuarto e díxolle:

-Bo día, rapaza!, entendo que teñas calado todo este tempo, vaia se te entendo, sei que hai cousas que non lembrabas coma o xeito de chegares ata aquí... nin sequera sabes ben onde estás, pero eu si sei. Coñézote dende pequena de verte brincar na praza da vila, coñezo a túa nai... Hoxe é o seu aniversario... ¿por que pos cara de sorpresa? ¿non o lembrabas?. Eu non vou deixar que quedes aquí no cuarto nin un momento máis, neniña, hoxe tesme que falar.

Esperanza espertou do seu sono temporal e respondeu:

-Entón era iso... estou de novo na miña vila, cos meus veciños e coñecidos, o caso é que a min xa mo daba na alma. ¡É que estou tan confundida!, sei que vaguei polo mundo... sei que dalgún modo eu quería volver aquí. Pero, María, ti equivocaste, hoxe non é o aniversario da morte da miña nai por que estamos en maio ¿non estamos?, ela non morreu en maio.

-Si é, pero non da morte, non nena, a morte non se debe celebrar nin recordar. Ti érguete agora que vas mellor e sae a pasear, verás como te has sentir nova ¡ha ha ha ! que cousas digo, se ti es noviña ¡quen me dera!

E Esperanza saíu e abriu os ollos e observou todo o que a rodeaba, mesturouse coa xente e o solpor fundiuna de novo coa súa terra. Cando o sol rematou de poñerse, Esperanza escoitou o nome da súa nai e virouse para ver quen o pronunciara. Viu un cativo duns catro ou cinco anos falando con outro meniño que ía da man da nai. Non puido resistirse e preguntoulle ó neno:

- Oe, bonito, ¿que nome dixeches?, é que penso que falas da miña nai.

—¿Eu?, non sei... ¿cómo se chama a túa mamá?

— Galicia.

—¡Ah!, pois si, si que o dixen, si.

E o neno marchou cantaruxando unha vella canción da súa nai: “¿Que din os rumorosos na costa verdecente, ó raio transparente do pracido luar?...”.

Noa Feás Rodríguez.

O MEU PRIMEIRO DÍA

Aquela mañá, a avoa ergueume máis cedo do habitual, con máis présa que de costume; con estrépito corría dunha esquina a outra do meu pequeno habitáculo; mentres, repetía unha e outra vez: "¡ARRIBA NENA!, ¡VEÑA XA TIÑAS QUE ESTAR PREPARADA!, ¡ÉRGUETE ANTES DE QUE CHEGUE TÚA NAI! Non sei se por obediencia ou por cansazo de pasa-la noite afogada baixo unha pesada superposición de vellas mantas que non me permitían movemento ningún; ó fin levantei os meus pés, e pouseinos na vella alfombra, que a miña nai trouxera da súa lúa de mel de Portugal; un curto anaco de tempo permanecín sentada no leito; meditando o plácido soño desa noite durmida. Mentres, esgallaba o meu corpiño, dirixíame cara a cadeira; tapada pola porta aberta da miña habitación; na cal a miña avoa colocara había un cuarto de hora a roupa que me tiña que poñer. As vestiduras, ordenadas segundo a súa posición, eran, en primeiro lugar a miña roupiña interior (a cal non vou describir porque dábase vergoña ata poñela), acto seguido o xerse vermello con rombos brancos que a avoa me tecera o inverno pasado; xa que segundo o home do tempo da galega foi un dos máis duros en moitos anos. Por último a avoa colocou os pantalóns de pana negros (bueno, mellor dito, esbrancuxados de tanto lavalos) que xa non me gustaban moito. Amolada, polo frío que entraba polas rendixas da ventá vestínme moi axiña. Cando xa ía cara o baño, descalza (por que coma sempre non sabía onde me levara o can as miñas novas zapatillas, as cales foron o regalo de nadal dos meus tíos de Francia) polo frío chan (non enmaquetado) do corredor, oín de novo a voz aguda da avoa, que esta vez semellaba máis nerviosa. Entón, apureime, é dicir, lavei a face en dúas mans augadas e peiteei

rapidamente a miña longa melena. Para finalizar o paseo e botei unha das colonias do estante superior. Lisquei a avoa) estaba a remata-lo almorzo. Senteime no momento do torrado. Xa case rematara de almorzar, estaba a tomar de súpeto oín a porta de entrada da nosa casa. Algúndes días atrás "¡NENA ÍMONOS, VEÑA QUE XA É TARDE!". A avoa procedeu a colocarme un abrigo branco; por aínda que era unha ovella. Suxeita pola manciña, miña nai levábame pensando a aquela velocidade que miña nai tiraba por diante de xente desfilaba polas rúas automaticamente sen reacción. O importante que sería este día para a miña vida, se a miña nai era "inestimable", del dependería o meu futuro. Era un portón (de inmensa madeira maciza) que daba á entrada do edificio de tres mazás dende a miña casa). Subín a escalinata e recibín os besos da miña nai mentres esta me empurraba cara adiante para que pasaría os vindeiros quince anos estudando. Foi un día na escola, e de certo a miña nai tiña toda a razón; aínda que

paseo, coloquei un lazo vermello no pelo; despois de ir á axiña á cociña, nela Magdalena (a miña nai) e comecei a untar a marmelada no pan. Coloquei leite na miña cunca de cerámica, cando estaba a pasear paseaba nervioso polo corredor, e dicía: "¡NENA ÍMONOS, VEÑA QUE XA É TARDE!". A miña nai; dei un salto da cadeira e a miña nai odiábao porque con el semellaba unha ovella, semellaba que nin me daba tempo a pensar. Non eramos as únicas que tiñan présa, a miña nai. Durante o paseo, miña nai comentoume que a miña nai lo ela a transcendencia deste primeiro día de vida. Mentres, chegados ao final do destino, ó final do camiño á escola do barrio (situada a non máis de tres mazás dosamente, e alí no alto, recibín múltiples besos do posterior do edificio adicado á ensinanza; no entanto, abase, en efecto, do meu primeiro día de vida. Non o esquecín.

Sandra Carracedo

AMOR E ODIO

Amor é o que sinto
pero odio tamén,
dende o primeiro día que te vin
non sei o que sinto, nin sentín.

Primeiro foi amor polos teus ollos
despois foi tenrura pola túa forma de pensar,
polo teu nariz eu quedei embabecado
e xa non sabía o que razoar.

Quedei sen sentido
ó ver a túa mirada,
quedei sen vista
porque ti me cegaches.

Agora sei o que sinto
odio, rancor e vinganza
eso é o que sinto
polas túas mentiras piadosas.

Enganáchesme,
ti e soamente ti,
non culpes a outro
que eu ben te vin.

Non te quero ver
non quero pensar en ti,
o que ti fixeches
non ten perdón.

Ti deixaches que eu me namorase

Seguiches o xogo,
mentres me enredos e descaro,
mentres me mor cega os ollos
mentres me razón, abre o desengano.

Plácido Pablo Blanco Pérez

AMOR E NATUREZA

Amor é a natureza dun corazón
como a auga dunha lagoa
limpia, cristalina e pura
que sempre mira unha persoa.

Amor non quere sentir este amor
non quere ver o que hai detrás
non quere que todos somos complexos
non quere que estamos sempre a cambiar.

Amor é o corazón de cada persoa
non quere sempre sitio para máis,
non quere que o amor non é obrigación
non quere que non é si un privilexio real.

Amor é unha persoa non sente
non quere ama, non quere, non vive
non quere que sen amor non hai vida
non quere que a vida non hai natureza.

Amor é que as persoas
non poden ver unha árbore
non quere que nun momento ou outro
non quere que a bágoa lles molle a alma.

Ángela Feijoo González

ROSA NEGRA

Rosa negra,
negra papoula,
branca luz da noite escura que me alumas
cos teus ollos de tebras.

Lévame contigo
que estou ferido,
ferido de amor, de morte ferido.

Rosa branca,
branca papoula,
negra luz do claro amencer que me cegas
co teu sorriso de pérolas.

Escoita este lamento
que levo tan adentro,
escoita este sorriso
tan falso e á vez submisivo.

Rosa negra,
ave carroñeira
ábreme as entrañas
coa túa boca traizoeira;
coas túas garras de rameira rómpeme a
gorxa ¡Meiga!

Fonte de tódolos males
es ti, teu alento.

Mais eu non teño medo
do teu asasino tento,
pois non hai cousa tan nobre
coma o meu corazón aberto,
e se morro de amor, Rosa negra,
¿Sabes que?
¡Morrerei contento!

Tarcisio Ávila Núñez

RÍO É RAÍZ

Camión levado polo aire, leda,
lixerías como as follas veñen
as preguntas de peso á miña cabeza
e na beira unha música soando.

Vexo marabillada unha garza esvelta
Camuflada coa paisaxe, agardando,
non se esconde, confúndese coa terra
mais nun momento pode saír voando.

Parece unha árbore no río arraigada
e a min o que máis raíz me parece
é o río de augas correntes e calmas,
que as árbores e as xentes perecen
mais as súas augas prevalecen mansas,
recorren os corazóns e as mentes,
modelan as almas coas súas palabras
e van tinguindo todo de verde e berce.





Corazón atado con cordas de seda,
corazón é, ó fin, moi ben apresado,
semente nova e forte á terra presa,
ser novo e forte é, ó fin, agarrado.

Mais as gotiñas que dan vida inquedas,
a ninguén pechan o camiño amarrando
senón que hoxe exploran novas terras
e mañá volven ser alegre regato.

Noa Feás Rodríguez

PLAS. ATEMPOSE E HUMOR

Descubre quen se agacha nestas fotografías. Poderías ser ti mesmo/a.



BLACK EYED PEAS - Where is

What's wrong with the world, mam
People livin' like they ain't got no mamas
I think the whole world addicted to the drama
Only attracted to things that'll bring you trauma
Overseas, yeah, we try to stop terrorism
But we still got terrorists here livin'
In the USA, the big CIA
The Bloods and The Crips and the KKK
But if you only have love for your own race
Then you only leave space to discriminate
And to discriminate only generates hate
And when you hate then you're bound to get
irate, yeah
Badness is what you demonstrate
And that's exactly how anger works and
operates
N**, you gotta have love just to set it straight
Take control of your mind and meditate
Let your soul gravitate to the love, y'all, y'all

People killin', people dyin'
Children hurt and you hear them cryin'
Can you practice what you preach
And would you turn the other cheek

Father, Father, Father help us
Send us some guidance from above
'Cause people got me, got me questionin'
Where is the love (Love)

Where is the love (The love)
Where is the love (The love)
Where is the love
The love, the love

It just ain't the same, always unchanged
New days are strange, is the world insane
If love and peace is so strong
Why are there pieces of love that don't belong
Nations droppin' bombs
Chemical gasses fillin' lungs of little ones
With the ongoin' sufferin' as the youth die
young
So ask yourself is the lovin' really gone
So I could ask myself really what is goin' wrong
In this world that we livin' in people keep on
givin' in
Makin' wrong decisions, only visions of them
dividends
Not respectin' each other, deny thy brother
A war is goin' on but the reason's undercover
The truth is kept secret, it's swept under the rug
If you never know truth then you never know love
Where's the love, y'all, come on (I don't know)
Where's the truth, y'all, come on (I don't know)
Where's the love, y'all

People killin', people dyin'
Children hurt and you hear them cryin'
Can you practice what you preach
And would you turn the other cheek

the love?

Father, Father, Father help us
Send us some guidance from above
'Cause people got me, got me questionin'
Where is the love (Love)

Where is the love (The love)
Where is the love (The love)
Where is the love
The love, the love

I feel the weight of the world on my shoulder
As I'm gettin' older, y'all, people gets colder
Most of us only care about money makin'
Selfishness got us followin' our own direction
Wrong information always shown by the media
Negative images is the main criteria
Infecting the young minds faster than bacteria
Kids act like what they see in the cinema
Yo', whatever happened to the values of humanity
Whatever happened to the fairness in equality
Instead in spreading love we spreading animosity
Lack of understanding, leading lives away from unity
That's the reason why sometimes I'm feelin' under
That's the reason why sometimes I'm feelin' down
There's no wonder why sometimes I'm feelin' under
Gotta keep my faith alive to lovers bound

People killin', people dyin'
Children hurt and you hear them cryin'
Can you practice what you preach
And would you turn the other cheek

Father, Father, Father help us
Send us some guidance from above
'Cause people got me, got me questionin'
Where is the love (Love)

Where is the love (The love)
Where is the love (The love)
Where is the love (The love)
Where is the love (The love)
Where is the love (The love)
Where is the love (The love)

BLACK EYED PEAS - ¿Onde está o amor?

¿Que é o que falla no mundo, mamá?
A xente está vivindo coma se non tivera nai.
Creo que o mundo enteiro é adicto ó drama.
Só atraído por cousas que desencadearán o trauma.
Estranxeiro, sí, estamos intentando parar o terrorismo.
Pero aínda temo terroristas vivindo aquí
En USA, a gran CIA, os Bloods, os Crips e o KKK.
Pero se só tes amor para a túa propia raza,
Entón só deixarás oco á discriminación,
E discriminar só xera odio,
E cando odias seguro que te pos furioso.
Loucura é o que ti demostras,
E así é exactamente como traballa e opera a ira.
Home, deberías amar, isto axudaría.
Toma o control da túa mente e medita.
Deixa que a túa alma gravite cara o amor.

A xente está matando, a xente está morrendo
Os nenos están ferindo, es as mulleres chorando
¿Poderás practicar o que predicas,
e poderías pór a outra meixela?

Pai, pai, pai, axúdanos
Necesitamos algún consello do máis alá.
Esta xente mantenme, mantenme preguntándome
¿Onde está o amor?

¿Onde está o amor? (O amor)
¿Onde está o amor? (O amor)
¿Onde está o amor?
O amor, o amor

Isto xa non pode se-lo mesmo.
Os costumes cambiaron.
Os novos días son estraños ¿está o mundo enfermo?
Se o amor e a paz son tan fortes,
¿Por que hai pedazos de amor que non están no seu sitio?
A nación está lanzando bombas,
Gases químicos, chorando só pulmóns dos máis pequenos.
Co sufrimento de ver como a xuventude morre nova.
Así que preguntate se o amor non marchou realmente,
Así que podo preguntarme qué está indo mal realmente
neste mundo que vivimos. A xente segue rendéndose.
Tomando decisión incorrectas, só visións das súas ganancias,
Non respectándose uns ós outros, renegar do teu irmán.
Unha guerra vai continuar, pero a razón é secreta.
A verdade é mantida en secreto e varrida baixo a manta.
Se nunca coñeces a verdade, entón nunca coñecerás o amor.
¿Onde está o amor? (Realmente non o sei)
¿Onde está a verdade? (Realmente non o sei)

A xente está matando, a xente está morrendo
Os nenos están ferindo, e as mulleres chorando
¿Poderás practicar o que predicas,
e poderías pór a outra meixela?

Pai, pai, pai, axúdanos
Necesitamos algún consello do máis alá.
Esta xente mantenme, mantenme preguntándome
¿Onde está o amor?

¿Onde está o amor? (O amor)
¿Onde está o amor? (O amor)
¿Onde está o amor?
O amor, o amor



Sinto o peso do mundo sobre os meus ombros.

Mentres estou envellecendo, a xente vólvese máis fría.
A maioría de nós só se preocupa de facer cartos.
O egoísmo estanos guiando pola dirección equivocada.
Os medios sempre nos amosan a información sesgada.
Dan máis importancia ás imaxes negativas,
Infectando as mentes novas máis rápido que as bacterias.
Os nenos queren facer o que ven no cine
¿Que pasou cos valores da humanidade?
¿Que pasou coa imparcialidade e a igualdade?
En vez de estender o amor, estamos estendendo o mal rolo
A falta de entendemento estanos separando
Esa é a razón pola que ás veces síntome mal
Esa é a razón pola que ás veces veño deprimido
Non hai que adiviñar por qué ás veces síntome mal
Vou manter viva a miña fe ata atopar o amor. Agora preguntate.

A xente está matando, a xente está morrendo
Os nenos están ferindo, e as mulleres chorando
¿Poderás practicar o que predicas,
e poderías pór a outra meixela?

Pai, pai, pai, axúdanos
Necesitamos algún consello do máis alá.
Esta xente mantenme, mantenme preguntándome
¿Onde está o amor?

¿Onde está o amor? (O amor)
¿Onde está o amor? (O amor)
¿Onde está o amor?
O amor, o amor



U
 O
 Z
 S
 G
 -
 R
 E
 M
 E
 O
 J
 O

 Z
 O
 Z
 E
 T
 A
 N
 D
 -
 E
 -
 U
 -
 L

Silvia Rodríguez López

A MALA SORTE

UN HOME VAI A UN HOSPITAL, FANLLE UNHAS PROBAS E O MÉDICO LLE DICE:

VOLVA NUNHA SEMANA QUE PARA ENTÓN XA TEREMOS AS PROBAS



O PASAR A SEMANA O HOME REGRESA O HOSPITAL

¿TEN XA AS PROBAS?

SI, AS TENO NO CAIXÓN. UN MOMENTO POR FAVOR



TENO DUAS NOTICIAS, UNHA BOA E OUTRA MALA. ¿CAL LLE DOU PRIMEIRO?



A BOA PRIMEIRO POR FAVOR





¿A BOA? LLE QUEDAN 24 HORAS DE VIDA




¿É A MALA??

A MALA NOTICIA É QUE ISTO LLO TIÑA QUE DICIR ONTE



O DIÁRIO DE PATRÍCIA



Unha moza está chateando e pide lle o mozo que lle envíe unha foto



Enrique Fernández Prada

O EXAME DE MATEMÁTICAS

□ Δ 0
□ □
1+1=?



María Garrido de Vega

A Adivina é?




Rocío García Domínguez

OS ZAPATOS ... DE COCODRILLO



María Jesús Losada González



¿Sabías que Camilo Valdehorras (outro dos seus nomes como el di) é un profesor, poeta, dramaturgo, crítico literario e animador cultural, que reside en Barcelona, pero que naceu na rúa San Roque, no Barco?

Concedenos unha interesantísima entrevista (e algo máis) que por cuestión de tempo e espazo é imposible que apareza neste número. Sairá, sen dúbida, no próximo. Dende aquí dámoslle as grazas pola súa amabilidade e polo seu labor. Grazas tamén a ti, Noelia.

DO CANCIONEIRO DE POCKORNY

Escribo dende o cuco do cuco que

Chama por min dende

O cu do curuto do maio.

O cuco é o maio do bosque nas terras de Ossian.

A liberdade dorme nalgures do bosque,

A Liberdade.


O meu país tamén.

(Camilo Valdehorras)

PARABÉNS!!

GAÑADORES DOS CONCURSOS DA CAMPAÑA “ENTRE NÓS, EN GALEGO” NA FASE DO CENTRO:

- Rocío Visuña Fernández, gañadora do concurso de recitado de poesía na categoría de ESO.
- David Núñez Álvarez, gañador do concurso de contacontos na categoría de ESO.
- Noa Feás Rodríguez, gañadora do concurso de relato curto na categoría de ESO.
- Vanesa Bruña Fernández, gañadora do concurso de relato curto na categoría de Bacharelato.
- Eva María López Vidal, gañadora do campionato “Preguntoiro” na categoría de Bacharelato.
- Xosé Manuel López Álvarez, gañador do campionato “Preguntoiro” na categoría de ESO.



Alumnos de 2º de ESO actuando para os compañeiros do IES Martaguisela, no Nadal de 2003.




Darlin Nairovi e Cristal, actuando para os alumnos do IES Martaguisela no Nadal de 2003.



Coro de profesores do IES Martaguisela, actuando no centro no Nadal de 2003.



Alumnado do IES Martaguisela manifestándose contra os atentados do 11 de marzo.



Alumnas do IES Martaguisela no certame de panxoliñas celebrado na Casa da Cultura do Barco, no Nadal de 2003.



Actuación do grupo "Trasno" para os alumnos do IES Martaguisela, no Nadal de 2003.

Número 3 / Ano 03/04

Saldoira



XANÓBIO

2004

© [Signature]